

**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**INFORME TÉCNICO SOBRE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO. SOBRE- 2, NON AVALIABLE CON CIFRAS OU PORCENTAXES.**

**OFERTAS A VALORAR.-**

Na Mesa de Contratación de data 08-07-14, procédese á apertura do sobre 2 das ofertas presentadas para o Servizo de Conservación e Mantemento das reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, admitíndose as das empresas: Alvac S.A., Diez y Cía S.A., Proseñal S.L., U.T.E. Teva Señal- Balizamientos Galicia, API Movilidad S.A., Innovia Coptalia S.A.U., Salmantina Seguridad Vial S.A., U.T.E. Urbaser S.A.- Licuas S.A., Viabal S.A., Valoriza S.A., Elsamex S.A., Multiservicios Tritón e Señalización y Conservación Castilla S.L.

**VALORACIÓN TÉCNICA DAS OFERTAS.**

No artigo 10, procedemento de adxudicación, do Prego Administrativo do concurso, se recolle nos seus apartados 10.2 e 10.3, o seguinte::

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- Criterios de adxudicación non avaliados en forma de cifras ou porcentaxes, recollidos nunha valoración técnica, cunha memoria que recolla distintos apartados.


En relación con estes criterios de adxudicación, as distintas empresas en cada un dos conceptos a valorar, indican o seguinte:

**1. ALVAC S.A.**

**1.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

No primeiro apartado da oferta indican esquematicamente o equipo técnico co que van contar e o seu organigrama de funcionamento, tamén os métodos de execución dos traballos de sinalización vertical e horizontal, balizamento, traballos especiais (operacións retorno e festexos), bandas reductoras de velocidade e a maneira de realizar as inspeccións.

Durante o primeiro ano do contrato se actualizará o inventario na aplicación Inca, manténdoo ao longo do contrato, e 6 meses antes da finalización do mesmo se terá realizado o inventario completo dos elementos a conservar.



## CONCELLO DE SANTIAGO

As reparacións dos elementos deteriorados executaranse en campo, unha vez recibida a orden da dirección de obra, debendo reparar de inmediato, as anomalías que representen perigo para os usuarios da vía, de acordo co artigo 6 do Prego Técnico.

En relación co balizamento e, en ocasións especiais, no momento de realizar operacións de apoio á ordenación da circulación, estas se realizarán con elementos do stock municipal ou do adxudicatario, postos temporalmente a disposición do Concello, debendo dispoñer o contratista de todos os medios necesarios para o desenrolo dos traballos.

Os sinais verticais de sinalización., Tomo I terán as características dos sinais de marzo de 2012, cando en realidade a data da publicación á que se entende que fai referencia é a do ano 1992.

Na oferta se dí, que os traballos de marcas viarias non se executarán en días de forte vento ou de temperaturas inferiores aos 5ª C, nin con pavimento mollado ou húmido, non cumprindo o artigo 700.6.2, do Prego de Prescricións Técnicas Xerais das Obras de Estradas e Pontes (PG-3) sobre limitacións á execución.

Na oferta figura que o horario normal de desenrolo dos traballos realizarase en horario nocturno, non obstante, cando a dirección facultativa o considere oportuno, por motivos xustificadas, realizaranse os traballos en horario diúrno ou en días non laborables, e nos horarios que determine a mesma, non cumprindo o artigo 21 do Prego Técnico.

**1.2.- Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.**

Na oferta se di que se redactarán programas de traballo anuais, trimestrais e mensuais, con partes de traballo, nos que se indicarán os labores a realizar.

Nos partes de traballo propostos non queda claramente reflexadas as operacións realizadas nin os medios e materiais utilizados, incumpre o artigo 27 do Prego Técnico.

Propoñen o control e rexistro dos traballos mediante un software desenrolado por Alvac, indicando que pode reflexar e planificar as actividades, facer consultas dos traballos e incidencias, etc.


Non se fai mención se estas ferramentas de xestión informática, Gismu e Infoseg, dispoñen de capacidade para a xestión dos stocks de almacén e si o seu funcionamento é compatible cos sistemas dos que dispón o Concello.

Tampouco se fai mención a si se vai facer a toma de datos e mantemento do programa Inca, do que dispón o Concello, incumprindo estes apartados o artigo 1.8) e 15 do Prego Técnico.

**1.3.- Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.**

Indican o persoal do que van dispoñer, non indicando nin os horarios de traballo nin tempo de resposta, incumprindo os artigo 12 e 21 do Prego Técnico.

Tampouco figura a experiencia de que dispón o persoal en traballos obxecto do contrato, non cumprindo o artigo 13 do Prego Técnico.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Non indican as características da maquinaria, ferramentas e equipos, para contrastalas coas que figuran no Prego Técnico, incumpre o artigo 27 do Prego Técnico.

**1.4.-** Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.

Non indican a dirección onde vai estar situada a nave almacén, tan só indican que vai estar situada no polígono do Tambre, nin tampouco se van dispoñer de fax, correo electrónico, etc. incumprido deste modo o artigo 14 do Prego Técnico.

Tampouco figura que vaian dispoñer de stock de materiais, que garantan a continuidade da execución dos traballos, en épocas de máximo consumo, de acordo co artigo 16 do Prego Técnico.

**1.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

Indican que teñen implantado un sistema de xestión de calidade segundo a norma ISO 9001, presentando certificado, que ten data de caducidade o 26-12-14, indicando os procedementos xerais da política de calidade da empresa, figurando algúns ensaios a realizar e a súa periodicidade, polo que faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e á Normativa en vigor.


**1.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

Indícase como se vai facer o sistema de prevención de seguridade e saúde e tamén a xestión de residuos xerados, indicando que esta última a realizarán de acordo co sistema establecido pola ISO 14001:1996, sobre Sistemas de Xestión Medioambiental, presentando certificado con validez ata o 07-01-12, debendo presentar ademais o certificado expedido polo xestor autorizado de que os residuos perigoso xerados, foron tratados de acordo coa normativa en vigor.

## **2. DIEZ Y CÍA S.A.**

**2.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Non se inclúe na oferta unha memoria detallada que faga referencia aos criterios indicados neste apartado, tan só fanse distintos comentarios en relación con ela, e sobre os que se fan as consideracións recollidas a continuación.



## CONCELLO DE SANTIAGO

No apartado de labores de conservación e mantemento ordinario da oferta, figura:

Son aquelas que como consecuencia da realización diaria das rutas de traballo, son detectadas pola empresa e que se realizarán sen ningún tipo de comunicación. Se refiren principalmente ao estado de calquera dos elementos obxecto do contrato, tales como enderezados, mala orientación, falta de tornillería ou sistemas de suxeición, limpeza, colocación de frechas en sinais, etc. Non son obxecto de codificación e a súa realización **non implica a comunicación previa ao Concello**, unicamente a anotación nos partes de traballo como incidencia na rúa que corresponda segundo a planificación de rutas e traballos indicando o tempo empregado en dita actividade. A súa realización é obxecto de abono nos termos establecidos no cadro de prezos como "hora de man de obra e maquinaria empregada en traballos de sinalización para partidas non incluídas no Prego" da presente licitación.

Sobre este particular cabe indicar que os traballos a efectuar polo contratista, se realizarán cos controis que indican os Pregos Técnico e Administrativo e se abonarán de acordo cos prezos e procedementos que figuran neles.

Na oferta indican que van realizar distintas tarefas, non quedando recollida o asesoramento na revisión da sinalización, e o mantemento e actualización do programa de sinalización do que dispón o Concello.

No artigo 19 da oferta, a empresa fai as consideracións seguintes:

- a) As ordes de traballo as clasifican en: ordinarias de resposta rápida, media e lenta, indicando que nos traballos ordinarios o prazo, se finaliza en domingo ou día festivo, estenderanse ao inmediato día hábil seguinte, clasificándoas tamén en urxentes. Isto incumpre os artigos 5 e 6 do Prego Técnico.
- b) Non presenta modelos dos partes de traballo, indicando que disporá dun sistema de xestión de ordes de traballo, no que non se facilitan os datos que se indican no Prego Técnico, tales como: planificación dos traballos, rendementos, xestión de stock de almacén, incumprindo por tanto os artigos 1.8 e 15 do Prego Técnico
- c) No caso de urxencia técnica as ordes poderán ser comunicadas verbalmente ou telefonicamente ao representante do adxudicatario. Esta comunicación non eximirá da formalización posterior por escrito, nun prazo máximo de 7 días, dunha orde de traballo nos termos anteriormente descritos e tamén outras consideracións


Sobre isto cabe indicar que as reparacións realizaranse de acordo ao procedemento indicado nos Pregos Técnico e Administrativo e cos criterios dos técnicos municipais encargados da supervisión do servizo.

Faise constar que na páxina número 56, figura un cronograma co importe das distintas partidas do presuposto do Prego Técnico, ao longo dos anos de duración do contrato, que coincide co importe do concurso.

**2.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.

Non se especifican os medios de control da execución, nin o plan de traballo.

**2.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Non se xustifica a experiencia do seu persoal en traballos similares aos do contrato, nin as funcións a desempeñar por eles, nin como se van organizar, nin consta a dedicación ao contrato que van ter.

Na oferta figura que disporán dun furgón e dun camión pequeno para o transporte dos elementos de balizamento necesario para a sinalización de eventos públicos, cunha caixa de dimensións mínimas de 1,95x1,85x5,10 m. No artigo 13.a do Prego Técnico, se indica que se dispoñerá al menos dun vehículo tipo furgón lixeiro, con dimensións máximas aproximadas: Altura 1,95 m.. Ancho 1,85m. Lonxitude 5,10 m e un PMA de 3.500 Kg., polo que se incumpre o mesmo neste aspecto.

**2.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**


Non indican a dirección exacta onde vai estar situada a nave almacén, tan só indican que vai estar no polígono do Tambre, incumplido deste modo o artigo 14 do Prego Técnico.

Tampouco figura que vaian dispoñer de stock de materiais, que garantan a continuidade da execución dos traballos, en épocas de máximo consumo, de acordo co artigo 16 do Prego Técnico.

No referente a sinalización das obras, na oferta indican que dispoñerán de sinais, previstas para indicar a súa proximidade, de acordo coas normas de sinalización de obras e demais normativa complementaria, non figurando a súa organización.

En relación coa calidade dos materiais, en xeral indican a que figura no Prego Técnico, facendo distintas salvidades sobre eles, que se recollen a continuación.

- a) No artigo 10.2.3 da oferta presentada, en relación co nivel de retroreflectancia dos sinais, figura que o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, esixe que o nivel dos sinais sexa de nivel I, a excepción dos sinais R-1 e R-2 que serán de nivel II, indicando sobre este particular que non se marca nivel de retroreflexión dos sinais, salvo no caso dos R-1 e R-2, tal e como figura no Prego Técnico e no cadro de prezos.
- b) Na documentación presentada consta, que os parafusos a utilizar serán cadmiados, cando o Prego Técnico no seu artigo 11.2 sinalización vertical, indica que a tornillería a utilizar será de aceiro inoxidable.
- c) No apartado de materiais a empregar na sinalización vertical de aluminio, descrición dos produtos, figura que estas estarán cerradas en todo o seu perímetro con un perfil de 53 mm de ancho indicando o Prego Técnico no artigo 10.8.1, descrición dos produtos, que ese perfil terá un ancho de 35 mm
- d) No apartado de elementos de sustentación e ancoraxe dos sinais de aluminio figura, que os postes serán tubos de aluminio cilíndricos e acanalados, de 60 mm de diámetro, cando o Prego Técnico no seu artigo 10.8.2.4, elementos de sustentación e ancoraxe indica que os postes terán un diámetro de 76 mm.
- e) No artigo 12.4, en relación cos postes a utilizar nas barreiras de seguridade, indican que serán perfís laminados tubulares, debendo ser dos tipos e calidades dos perfís que indique a normativa de aplicación.
- f) No relativo á calidade dos materiais de balizamento, fan distintas consideracións na oferta, debendo axustarse estes na fabricación e



## CONCELLO DE SANTIAGO

instalación ao Prego de Prescricións Xerais para obras de estradas PG-3 e demais normativa aplicable.

- g) En referencia ao indicado no artigo 18 da oferta, sobre a forma, dimensións e cores de marcas viarias, sinalización vertical e barreira de seguridade se axustarán en todo momento ao que establezan as normas ditadas polos Organismos Oficiais sobre esta materia, excepto a zona non retrorreflectante dos sinais de aluminio que será o establecido no apartado 11 da presente memoria. Cabe indicar sobre este particular que os sinais se axustarán ao indicado polos Organismos Oficiais e disposicións que lle resulten de aplicación.

**2.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

En relación co programa de toma de mostras, non se especifica como se vai realizar, tan só se indica, en relación coa sinalización vertical e horizontal, que teñen implantado un sistema de aseguramento da calidade segundo a normativa ISO 9001, e así figura no certificado que acompaña a oferta, que ten validez ata o 25-10-14.

Ademais neste apartado indican que van facer control dos materiais de sinalización vertical, non especificando se van facer control dos materiais de sinalización horizontal, barreiras de seguridade, bolardos, hitos, etc.

Tampouco figuran as probas e ensaios que teñen previsto realizar.

**2.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

No apartado do proxecto de seguridade e hixiene no traballo a empresa di que presentará un Plan de Seguridade e Hixiene no Traballo de acordo co Decreto 555/1986, de 21 de febreiro, coherente co contido de este Prego de Condicións Técnicas para a execución dos traballos obxecto do mesmo, entendendo que o Plan de Seguridade e Saúde se redactará co procedemento indicado no Prego Técnico.


Realizan na oferta unha identificación, análises e avaliación inicial de riscos.

En relación co plan de xestión de residuos, indican na oferta que a empresa ten implantado un sistema de Xestión Ambiental, segundo a norma ISO 14001, tendo validez o certificado que presentan ata o 05-12-14.

Clasifican os residuos en perigosos e non perigosos, realizando a súa xestión por xestores autorizados, presentando gran atención á pintura e vernices, realizando accións de minimización e formación medioambiental do persoal.

### **3. PROSEÑAL S.L.**

**3.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán



## CONCELLO DE SANTIAGO

partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Na oferta indican as operacións que van realizar de acordo co Prego Técnico, e que van dispoñer dun software de xestión e actualización de ordes de traballos e outros extremos da organización, non constando que vaian realizar xestión dos stocks de almacén nin que vaian manter o programa de sinalización que ten o Concello.

Redactarán partes de traballos, presentando modelos deles, non indicando que vaian facer entrega diaria deles como consta no Prego Técnico.

Na oferta figura que disporán de almacén en Santiago o que garante un stock suficiente de materiais para a boa evolución dos traballos.

As ordes de traballo proporcionadas pola dirección facultativa do Concello, segundo consta na oferta, recibiranse por escrito, non obstante os traballos considerados urxentes, iniciaranse sen constar orde escrita, sen prexuízo de que, posteriormente, se regularice a autorización pola dirección de obra, cabe dicir que os criterios a utilizar na tramitación das ordes de traballos serán os indicados pola dirección facultativa, de acordo cos pregos Técnico e Administrativo.

**3.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.

Na oferta indican que se realizará durante os tres primeiros meses do contrato unha campaña inicial de revisión choque, levando a acabo a programación en función das necesidades.

As marcas viarias realizaranse por zonas, aplicando os tipos de pintura ata rematar cada zona. A sinalización vertical se revisará igual por zonas, dando prioridade as vías de maior intensidade de tráfico, levando a cabo de maneira anual unha limpeza completa da sinalización.


En relación co programa de xestión documental, tan so fai mención a que o implantarán, sen indicar as funcións que pode desenvolver, polo que incumpe os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

**3.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

Prevén a incorporación como responsable da obra dun enxeñeiro de camiños, con residencia no municipio e con teléfono móbil conectado 24 horas, 365 días ao ano, indicando as súas funcións. Tamén prevén a incorporación dun encargado xeral-técnico de prevención en riscos laborais, un técnico administrativo, e un equipo de sinalización vertical e outro de horizontal, formado cada un deles por tres persoas.

Tamén indican que prevén a incorporación de dous operarios encargados de atender os casos de urxencia de forma esporádica fora do servizo habitual, con dispoñibilidade 24 horas 365 días ao ano, figurando no artigo 12 do Prego Técnico, que este persoal estará encargado de realizar traballos de mantemento, instalación de sinalización, bolardos, redutores de velocidade e outros, para atender demandas municipais, con dispoñibilidade de 24 horas para atender as emerxencias que xurdan.

Faise constar que no esquema da organización da obra figura un enxeñeiro técnico, sen indicar nada mais sobre el.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Non se especifican as características da maquinaria, polo que non se pode comprobar se cumpre as condicións indicadas no artigo 13 do Prego Técnico.

Non figura que se vaia dispoñer de sinais para a execución dos traballos, debendo dispoñer delas.

No esquema organizativo da obra, páxina 22 da oferta, se indica que se vai dispoñer dun enxeñeiro técnico, cando na memoria detallada e no apartado de medios humanos figura que o técnico vai ser un enxeñeiro de camiños.

**3.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Non indican a dirección exacta onde vai estar situada a nave almacén, tan só indican que vai estar no polígono de Costa Vella, incumplido deste modo o artigo 14 do Prego Técnico.

Figura que van dispoñer de stock de materiais, debendo axustarse as súas unidades ás necesidades do servizo, de acordo artigo 16 do Prego Técnico.

Esta empresa presenta na súa oferta distintos certificados do sistema de calidade, marcado de sinais, de produto e de xestión medioambiental, facendo constar que este último ten validez ata o día 05-12-14.

Tamén presenta certificados de conformidade dos fabricantes da pintura e das esferillas, non presentando compromiso de subministro deles.

Presenta certificado de conformidade do fabricante da barreira de seguridade, estando na mesma situación.

Na oferta figura que se vai dispoñer de teléfono, fax e sistema informático e teléfonos móbiles, conectado un deles co enxeñeiro responsable da obra de maneira permanente, 24 horas- 365 días ao ano.

Presentan distintos certificados de cumprimento de ter implantado un sistema de calidade, certificado marcado CE de sinais de aceiro e de aluminio, non figurando se as normas que han de cumprir son as que se recollen no Prego Técnico.

Tamén presentan varios certificados do sistema de xestión de calidade de distintos subministradores de produtos, non presentando os seus compromisos de colaboración na prestación deste servizo.e polo que os materiais que sexan obxecto de execución e subministro neste contrato, cumprarán o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materias retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.


Como sistema de comunicación dispoñerán de teléfono, fax, sistema informático, teléfono móbil conectado 24 horas, 365 días ano.

Non se fai mención neste apartado á sinalización a utilizar na execución dos traballos, nin a súa organización.

**3.5.- Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.**

Na oferta se indican os ensaios a realizar coa sinalización vertical e coa horizontal que non coincidindo coas normas UNE de aplicación que figuran no Prego, é polo que se





## CONCELLO DE SANTIAGO

fai constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e á Normativa en vigor.

Na oferta se dí, que os traballos de marcas viarias non se executarán con temperaturas inferiores a 10º C nin superiores a 32º C, debendo realizarse nas condicións que indica o artigo 700.6.2, do Prego de Prescricións Técnicas Xerais das Obras de Estradas e Pontes (PG-3) sobre limitacións á execución.

**3.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

Consta na oferta que teñen contratado un sistema de prevención externo coas especialidades de prevención, vixilancia da saúde, cursos de formación, protección individual, revisións médicas, etc.tendo validez o certificado que presentan ISO 14001, ata o 05-12-14.

No que respecta á xeración de residuos figura na oferta o tratamento de residuos, no que indican entre outros aspectos que os bidóns e latas de pintura son almacenados en estantes con sistema de retención superior á capacidade de derrame accidental e incluso dispoñen de materiais para poder actuar no caso de emerxencias ambientais, utilizando materias primas na fabricación de sinais, materiais que teñen residuos reciclables e non contaminantes. Control de contaminación atmosférica, acústica e do solo, contando coa colaboración de xestores de residuos, non figurando que vaian presentar os certificados da xestión dos residuos perigosos.

Indican que recuperan disolventes e pinturas e reciclan os botes de pintura, dispoñendo de compactadoras para distintos materiais.

## **4. U.T.E. TEVA SEÑAL- BALIZAMIENTOS GALICIA.**

**4.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluirán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.


Na oferta indican as operacións que van realizar facendo constar que adaptarán as instalacións á normativa vixente indicando ao Concello as anomalías e deficiencias encontradas, para proceder con posterioridade a súa reparación. Se fai constar que a empresa que resulte adxudicataria terá que proceder á súa reparación incluso de súpeto, de acordo co indicado no Prego Técnico e en especial de acordo cos artigos 5 e 6 do mesmo.

Comprométense ao mantemento do programa de información de sinalización, do que dispón o Concello e a súa actualización cos partes dos traballos realizados.

Propoñen a implantación dun programa de xestión documental específico das operacións de mantemento.

Programan as tarefas de conservación correctiva e urxente, con atención inmediata en caso de urxencia e a conservación preventiva, indicando os procedementos a seguir.

Clasifican as operacións a realizar en ordinarias e extraordinarias, planificándoas mediante rutas de traballo e, as incidencias as clasifican en: a executar, a reparar, a comunicar e ordes de traballo. Nas incidencias a executar inclúen o enderezado e



## CONCELLO DE SANTIAGO

orientación de postes e sinais, substitución de pezas deterioradas, limpeza, colocación de frechas dos sinais, etc. que se anotarán nos partes de traballo, non tendo a consideración de unidade de obra a certificar, sendo comunicada mediante foto á dirección de obra.

Consideran operacións extraordinarias as novas instalacións, substitucións e modificacións dos sinais e a revisión completa do inventario.

Os traballos de mantemento faranse normalmente en horario de 9:00 á 18:00 horas, realizándose en caso necesario en calquera outro horario ao igual que as operacións de pintado, aínda que o seu horario en principio será nocturno.

Indican os métodos de execución das operacións de conservación e mantemento, describindo como vai ser o mantemento inicial, correctivo, preventivo e predictivo dos distintos elementos obxecto dos traballos.

Comprométense a empregar elementos compatibles cos sistemas, elementos eléctricos existentes na sinalización, non sendo esas operacións obxecto dos traballos contidos nos Pregos.

Tamén figura na documentación presentada, que realizarán inspeccións da sinalización horizontal e vertical, reparando inmediatamente as anomalías que supoñan perigo inminente aos usuarios ou para a regulación do tráfico. Deberán incluírse nas inspeccións a revisión doutros elementos que tamén son obxecto de mantemento no contrato.

A reparación das deficiencias a clasifícan de acordo co artigo 5 do Prego Técnico e terán así mesmo en conta o indicado no seu artigo 6.

Como software de inventario e de xestión de partes de traballo propónse o sistema INCA URBANO e un sistema de xestión de partes de traballo, que será mantido e actualizado durante o tempo do contrato, dotando aos equipos de traballo de smartphones con GPS e cámara de alta resolución, para rexistrar as imaxes xeoreferenciadas e unha correcta xestión dos partes de traballo, facéndose constar que este programa non xestiona entre outros os stocks de almacén, rendementos das unidades de obra, etc. o que incumpe os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico. Tamén se fai constar que propoñen a


Propóñense partes de execución nos que quedan recollidos os traballos que se realizan de sinalización horizontal, debendo dispoñer tamén de partes dos outros traballos que se realicen, de acordo co artigo 27 do Prego Técnico.

#### **4.2.- Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.**

Indican que a U.T.E. elaborará un plan de obra e un procedemento de autocontrol da execución dos traballos, contemplando as particularidades de cada un, levando rexistros de autocontrol, efectuando unha xestión dos acopios, poñendo a disposición de persoal especializado da empresa para realizalo.

Na programación do control da execución teranse en conta os niveis de control, lotes de execución, unidades de inspección e frecuencias de comprobación.

Na programación dos traballos, se coordinarán as operacións de mantemento e nova implantación, considerando un período inicial de tres meses para a corrección de incidencias urxentes e a actualización do inventario, revisando os sectores de sinalización, abordando a priorización dos traballos de acordo á necesidade e urxencia.



## CONCELLO DE SANTIAGO

**4.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

Propoñen como persoal de xestión a disposición do contrato un delegado do contrato-coordinador- enxeñeiro de camiños, un responsable de seguridade e saúde- técnico superior prevención e riscos laborais, un responsable de control de calidade en fábrica- licenciatura química, un responsable de control de calidade de instalacións- FP II. **Non figura que se vaia a dispoñer de técnico responsable do servizo**, que realice labores de campo, nin tampouco figura a súa experiencia, dedicación e dispoñibilidade o que incumpre o artigo 12, do Prego Técnico, no apartado de persoal. Tamén propoñen un equipo de obra a disposición do contrato formado por dous oficiais segunda e un equipo de sinalización vertical, formado por un oficial 1º xefe de equipo e dous oficiais segunda.

Figura a experiencia do persoal de xestión pero non figura a do persoal de obra, non xustificando tampouco as funcións do persoal, nin precisando a dedicación e dispoñibilidade que indica o artigo 12.

No apartado de maquinaria e medios auxiliares a disposición do contrato, queda recollido que en caso necesario dispoñerán de uns medios e maquinaria, non indicando as súas características e prestacións, polo que non se pode comprobar se cumpren as condicións de realizar, entre outros traballos de: pintura en quente, dimensións máximas de un dos furgóns, fresado infinitesimal de marcas viarias, tal e como queda recollido no artigo 13 do Prego Técnico, en relación coa maquinaria de aplicación.

Tampouco se indica neste apartado que o persoal vaia dispoñer de vestiario de alta visibilidade e das proteccións para realizar os traballos.


**4.4.-** Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.

Indican que a nave almacén, estará situada na Rúa da Xesta, no Parque empresarial Novomilladoiro, situada en Milladoiro- Ames, incumprido o artigo 14 do Prego Técnico que indica que ten que estar situada no termo municipal de Santiago.

Figura que vai dispoñer de stock no almacén, debendo modificar varios aspectos relacionados co tamaño dos sinais, espesor dos postes de aluminio, cantidade de pintura dispoñible, para adaptalo ás necesidades e ás condicións dos materiais indicadas no Prego Técnico e na normativa, os parafusos de suxeición dos sinais será de aceiro inoxidable.

O tipo de aceiro que se propón utilizar nos soportes dos sinais de aceiro galvanizado é diferente ao que consta no artigo 10.7.2.1 do Prego Técnico, existindo algunhas diferenzas coas normas UNE que figuran de aplicación no mesmo, polo que os materiais que sexan obxecto de subministro neste contrato, cumprarán o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materiais retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.

Os equipos de comunicación dos compoñentes do servizo figuran noutros apartados. Non figura a organización da sinalización dos diferentes tajos de traballo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

**4.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

Neste apartado indican que a U.T.E. estableceu un compromiso de calidade e desenvolveu un sistema de control de calidade, dos materiais que subministra e instala, dispoñendo de laboratorios tanto fixos como móbiles, e indicando a frecuencia e control dos ensaios a realizar.

Tevaseñal, dispón dos certificados de calidade de sistema de xestión de calidade ISO-9001 e sistemas de xestión medioambiental ISO-14001, comprometéndose a adoptar na obra este último.

Presenta carta de permanencia en Acex e Afasemetra, marcado CE.

Sebagasa dispón de certificado do sistema de xestión de calidade e certificado de calidade do sistema de xestión de calidade ISO-9001

Indican que realizan controis de calidade en laboratorio dos sinais e postes da sinalización vertical.

Aprécianse algunhas diferenzas coas normas UNE que figuran nos ensaios a realizar e as que figuran no Prego Técnico, debéndose completar estes con ensaios dos materias unha vez postos en obra e os materiais sobre os que se realice control, cumpriran o Prego Técnico e a Normativa en vigor.

**4.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

No apartado de prevención de riscos laborais indican que se redactará un Estudio de seguridade e saúde, cando deberían redactar un Plan de Seguridade e Saúde de acordo co Prego Técnico e anexos.


Dentro do apartado de xestión de riscos, avalían os riscos previsibles que están asociados á actividade a realizar, danos a terceiros, formación e información ao persoal e medicina preventiva e primeiros auxilios.

Deben completarse os posibles riscos que pode orixinar a presenza nos lugares onde se realizan os traballos de distintos servizos públicos (abastecemento de auga, gas cidade, electricidade, etc), figurando con claridade no Plan a forma de sinalizar, balizar e protexer as zonas de traballo e as posibles afeccións aos usuarios das vías onde se realizan, para corrixilas.

No apartado de tratamento de residuos indican que a U.T.E. adaptarse ao sistema de xestión medioambiental ISO-14001.

Utilizarán dentro do posible produtos de alta reciclabilidade, deseñando ao comezo da obra un manual de boas prácticas medioambientais, que incluíra o control de restos dos produtos procedentes da realización dos traballos, e a forma de xestión de acordo co material do que se trata.

No apartado 7.4.3 da oferta indican que se comprometen á retirada e xestión dos residuos perigosos que se produzan como consecuencia dos traballos na obra. Para elo se fose necesario contrataremos unha empresa da zona o traslado e tratamento de residuos en vertedoiro autorizado no municipio de Santiago de Compostela.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Faise constar, que o tratamento de residuos perigosos, farase sempre por xestor autorizado, pois hai restos de pintura, disolventes, cintas de marcaxe de pintura, que si o son, debendo facer o seu tratamento de acordo coa normativa aplicable e co Prego Técnico, e presentando os certificados xustificativos correspondentes ao seu tratamento, no lugar e instalacións correspondentes, e non nun vertedoiro autorizado do Concello de Santiago.

Sobre este particular cabe indicar, que nos apartados anteriores da oferta clasifican para o seu tratamento por xestor autorizado distintos residuos, e tamén cabe indicar que o traslado que se requiran levaranse un vertedoiro dentro do termino municipal de Santiago, ou onde exista vertedoiro que reúna as condicións adecuadas para o seu tratamento, tendo en conta o indicado no apartado anterior deste informe.

No apartado de xestión de residuos se dí, que para o tratamento dos asimilables a urbanos disporase dunha zona específica para que o Concello proceda a súa recollida e traslado ao vertedoiro municipal, debendo quedar a disposición do que se lle indique para o seu tratamento, dende o servizo municipal correspondente, encargándose a empresa da súa preparación e traslado, se fose necesario, para o seu tratamento.


Se protexerán a calidade atmosférica, niveis acústicos, xestión de residuos, control contaminación vehículos e control vertidos.

### 5. API MOVILIDAD S.A..

5.1.- Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

En relación coa organización dos traballos, indican na oferta os aspectos seguintes:

- a) Anualmente procederase a unha **reunión entre o xefe de obra e o enxeñeiro competente do Area de Trafico**, para realizar un plan de obra por barrios.
- b) Na organización mensual **realizarán modelos de partes diarios, que serán asinados polo contratista e o técnico responsable do Concello** Na primeira semana do mes se **reunirán o xefe de obra e o enxeñeiro competente do Área de Trafico**, e se entregará a certificación do mes, que deberá **conter unha serie de documentación, a criterio da empresa**.
- c) Semanalmente se levarán a cabo de forma sistemática **reunións todos os luns no Departamento de Tráfico**, entre o xefe de obra de API movilidad e o enxeñeiro do Concello, para o correcto funcionamento do servizo.
- d) O Xefe de equipo de API **manterá reunión diaria co encargado do Concello**, onde se entregarán os traballos a realizar e a data límite de execución.
- e) Diariamente se recollerá un parte das actividade encomendadas, non realizando ningún traballo **sen a correspondente orden por escrito da Dirección Xeral de Mobilidade**, excepto nos casos de urxencia que poderán comunicalos verbalmente e **posteriormente por escrito**.
- f) En xeral e para todas as obras **se estenderá pola inspección facultativa a correspondente orde de traballo**, na que conste: data e código, localización e descrición dos traballos, prazo de execución e observacións.
- g) Se redactarán polo persoal da empresa partes, que se entregarán unha vez cumprimentado o orixinal á inspección facultativa, **anotando estes partes a inspección facultativa e o contratista no libro ordes**.



Faise constar que nestes apartados, que se resaltan en **negrilla**, a empresa API movilidad fai consideracións sobre organización de traballos que nin figuran nos Pregos de condicións, nin lles competen facer, correspondéndolle ao Concello e ao criterio do técnico responsable do servizo, tomando como base o contido nos Pregos Técnico e Administrativo.

No apartado de xestión, propoñen un delegado- licenciado e un xefe de obra- enxeñeiro técnico de obras públicas, este último con dedicación exclusiva.

Como equipo de traballo e para poder atender as necesidades xeradas pola obra, API se compromete, no artigo 1.1.2 da oferta, **sempre que o equilibrio económico presupostario anual o permita**, a ter adscrito durante todo o ano, dous (2) equipos permanentes que poidan realizar labores tanto de sinalización vertical como horizontal, residentes en Santiago de Compostela, que estarán en permanente contacto mediante telefonía móbil e estarán en condicións de realizar os traballos de urxencia nun prazo mínimo, calquera día do ano e a calquera hora; mantendo en todo caso durante todo o ano o persoal mínimo esixido no Prego.

Estes equipos de traballo estarán formados cada un deles por un oficial de 1ª e dous oficiais de 2ª (horizontal e vertical) e dous oficiais de 2ª (equipo emerxencias).

A empresa poñerá a disposición para realización de traballos de pintura, dous equipos de campaña, con tres operarios cada un.

Ase mesmo a empresa, nun prazo máximo de 12 horas, poñerá a disposición dous equipos mais, con tres operarios cada un, para realización de traballos extraordinarios en caso de urxencia de sinalización horizontal e vertical.

Todos os traballadores levarán roupas reflexivas co anagrama do Concello de Santiago.

Figuran as funcións do delegado do adxudicatario e do xefe de obra, figurando nas deste último a entrega semanal de partes de traballo, cando ten que facerse diariamente, de acordo cos artigos 4.c e 27 do Prego Técnico.


Os traballos realizaranse adecuándose ás circunstancias do tráfico, en horario nocturno, diúrno ou festivo.

Dentro da metodoloxía dos traballos de revisión e reparación da sinalización existente, indican que para coñecer as carencias da sinalización deben determinar o estado inicial para tomalo como punto de partida, comprometéndose á realización do inventario inicial nos primeiros seis meses do contrato, indicando cales van ser os criterios de revisión, planificación e secuencia da revisión, das sinalizacións horizontal e vertical, para levalos a cabo.

Non se fai constar que a empresa vaia dispoñer de programa de xestión documental, tan só fan mención do sistema informático de xestión de almacén en tempo real, pero non se esta vai estar dispoñible para uso do Concello, polo que se incumpren os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico

**5.2.- Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.**

O plan de traballo proposto é para dous anos de contrato, cando no artigo 9 do Prego Administrativo, indica, que o prazo máximo de execución é de 4 anos, figurando ase mesmo un planning de traballos a desenvolver, nos anos 2010, 2011 e 2012.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Na distribución anual de equipos figura, que dispoñerán de catro equipos nos meses de abril a setembro, en **horario nocturno**, un deles de emerxencias 24 horas, cando en realidade teñen que ter dispoñibilidade de 24 h, 365 días ao ano, para atender as demandas municipais deste Prego, segundo consta no seu artigo 12.

Onde din que outra hipótese de traballo e o reparto dos diferentes barrios do Concello para o seu repaso e corrección da sinalización ao menos unha vez ao ano, durante un mes e un repaso antes da finalización dos dous primeiros anos en busca de calquera anomalía, incumpren o artigo 4 do Prego Técnico.

Planifican os traballos para o período de xuño do ano 2010 a xullo de 2012.

Neste apartado a empresa fai constar a posibilidade de ancorar os sinais aos báculos de alumeadado ou semaforicos, non podendo utilizar eses soportes, salvo autorización expresa da dirección facultativa.

No apartado 2.2.3 da oferta consta que se vai a utilizar para o pintado das bandas lonxitudinais pintura convencional alcídica, indicando o Prego Técnico no seu artigo 10.1 que a pintura convencional a utilizar, será acrílica especial cidade.

A empresa comprométese á realización do inventario durante os seis primeiros meses do contrato, da sinalización horizontal e vertical da cidade, volcando estes datos no programa Inca que dispón o Concello.

Propón como mellora sen cargo para o Concello, o mantemento do hosting, licenza e servizo técnico, sendo obrigación do contratista facerse cargo dos gastos de mantemento e actualización do programa de acordo co artigo 1.8) do Prego Técnico.

**5.3.- Medios humanos; maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.**

No apartado de medios humanos, propoñen un organigrama, páxina 23 da oferta, no que figura como xefe de obra, un **técnico diferente** do que figura no apartado 1.2.1 equipo de xestión da oferta, e nun dos equipos permanentes falta un oficial 1ª, con respecto ao que indican no apartado 1.2.2 da oferta.


No organigrama, figura que os vehículos dispoñerán de GPS.

Tamén indican neste apartado, que dispoñerán: dun xefe de obra e técnico responsable (o mesmo que o indicado no apartado 1.2.1 da oferta) con residencia nas proximidades do centro de traballo, dous oficiais de 2ª, con carné de conducir e residencia en Santiago, comunicados mediante telefonía móbil, con tempo de resposta, en caso de emerxencia ou accidente, inmediato e como máximo dunha hora, e dispoñibilidade 24 horas 365 días ao ano.

Dispoñerán de oficina técnica, para asesoramento, cun enxeñeiro de camiños e un enxeñeiro técnico de obras públicas (o mesmo que o indicado no apartado 1.2.1 da oferta).

Fan constar que poñerán a disposición do contrato como asesoramento os departamentos da empresa de control de calidade, asistencia técnica, produción, compras, informática, prevención de riscos, e medio ambiente.

Na relación de persoal de obra, que se comprometen a empregar figura con dedicación completa: o xefe de obra (o mesmo que o indicado no apartado 1.2.1 da oferta), un enxeñeiro de camiños, dous oficial segunda un oficial 1ª e dous oficiais segunda, faltando nos equipos permanentes un oficial 1ª.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Tan só indica que dispón de experiencia o xefe de obra, e non a experiencia neste tipo de traballos obxecto do contrato, polo que se incumpre o indicado no artigo 12 do Prego Técnico.

Figura tamén na relación outro persoal con dedicación completa.

No apartado de maquinaria e medios auxiliares a disposición do contrato, presentan unha relación deles que se comprometen adscribir, sen que podan retirarse sen autorización expresa do director, pero non indican as súas características e prestacións, polo que non se pode comprobar se cumpren as condicións para realizar, entre outros traballos os de pintura en quente, dimensións máximas dun dos furgóns, e fresado infinitesimal de marcas viarias, tal e como queda recollido no artigo 13 do Prego Técnico, en relación coa maquinaria de aplicación.

**5.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

API movilidad S.A. se compromete a adscribir ao contrato as seguintes instalacións que din dispoñer actualmente na Vía Copérnico, 24, do polígono industrial do Tambre, pero aportan copia dun contrato no que figura como dirección da nave a Vía Ptolomeo, nº 14, indicando que en caso necesario, entregaran copia do contrato de aluguer das instalacións propostas.

**Ao existir discrepancia entre as dúas direccións**, procedeuse a comprobar a situación destas naves, estando ocupadas na actualidade, a da Vía Copérnico, nº 24, cun taller mecánico e a da Vía Ptolomeo, cunha empresa de transportes, polo que se incumpre o artigo 14 do Prego Técnico.

En relación coa nave indican que estará habilitada para mantemento de stock de materiais de sinalización horizontal e ferramentas.

Indican que dispoñerán de oficinas, sen concretar ubicación, nas que terán teléfono, fax, correo electrónico e material ofimático diverso.

Indican as cantidades dos distintos tipos de pintura, de microesferas, tornillería, materias de reparación de sinalización, etc, que terán en stock.

Poñen a disposición ademais en stock: sinais móbiles, conos, elementos de balizamento, valados, etc. por un valor de ata 5.000,00 euros.


Non figura nos materiais de stock, entre outros: placas e discos de sinalización vertical de código, postes e soportes, tanto en ferro galvanizado como en aluminio, sinais informativos tipo europeo, bolardos, biondas, redutores de velocidade, etc.

A empresa segundo figura na oferta, ten implantado e certificado por AENOR, sistema de xestión de calidade e certificado de calidade do sistema de xestión de calidade ISO-9001, que permite levar a cabo os procesos de instalación de forma controlada, control de cumprimento da normativa UNE e marcado CE dos produtos.

Indican as características das pinturas e microesferas a utilizar en sinalización horizontal e en sinalización de aceiro galvanizado, non figurando as características da sinalización de aluminio, sinais informativas de tipo europeo, biondas, redutores de velocidade, bolardos, etc.

Se observan carencias nas características dos materiais e existen algunhas diferenzas coas normas UNE que figuran no Prego Técnico, polo que os materiais que sexan obxecto de subministro neste contrato, cumprarán o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materias retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.





## CONCELLO DE SANTIAGO

Como melloras na calidade dos materiais, garantizan o uso de material retrorreflectante de niveles 1 e 2 (EG e HI) microprismáticos, con mellor coeficiente de retrorreflexión que os de microesferas, ofrecendo tamén o acabado dos sinais en técnica de impresión dixital, que favorece o acabado do sinal, sen cortes e moito mais uniforme facéndoa mais duradeira.

Indican que dispoñerán de parafusos de aceiro inoxidable de acordo co Prego Técnico.

Como sistema de comunicacións propoñen: telefonía convencional e móbil, con sistema informático de correo electrónico.

Na oficina de Santiago dispoñerán de dúas liñas de teléfono e unha adicional de fax

Indican que dispoñen dunha aplicación de xestión e control de pedidos realizados polo Concello, cun sistema informático de xestión de almacén en tempo real, pero non indican se esta vai estar dispoñible para uso do Concello.

Comunican o procedemento a seguir na organización da sinalización das obras, indicando que se sinalizarán coa sinalización e balizamento apropiado, para advertir aos usuarios dos perigos. En relación coa vixilancia das obras din, que en algunhas ocasións produciranse inevitables molestias aos usuarios das vías, sendo especial preocupación da empresa que estas sexan as menos posibles, e que non existan danos a terceiros, como consecuencia dos traballos. É polo que se terá especial coidado en adoptar as medidas necesarias para manter o orde, limpeza e condicións sanitarias das obras. Do cumprimento destas medidas **serán responsables os técnicos**. Paxina 37 da oferta..

Cabe indicar sobre este particular que o artigo 23 do Prego Técnico, di: que será obrigación do contratista adoptar cantas precaucións poidan ser conducentes a evitar desgrazas e prexuízos debendo ter ó fronte dos traballos un enxeñeiro técnico legalmente competente, quen con dito contratista será responsable de todos os danos que poidan orixinarse durante os traballos


**5.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

A empresa ten establecido sistema de xestión de calidade, segundo a norma UNE. EN-ISO 9001, sobre todos os procesos de sinalización, tanto vertical como horizontal, establecendo controis periódicos semestrais polo persoal de control de calidade de API.

Propoñen a realización de inspeccións de recepción dos materiais a empregar na aplicación de marcas viarias, comprobando por cada lote a documentación técnica que especifique as características e os ensaios que van realizar, para as marcas viarias e sinalización de aceiro galvanizado, non propoñendo a analítica a realizar noutros materiais a subministrar dentro do concurso.

Especifican as unidades a inspeccionar en función das lonxitudes de obra e dos sinais existentes.

O importe económico dos ensaios indican que é de 1.920,00 euros anuais, sendo o importe o que indique a normativa de aplicación.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Para levar a cabo os controis especificados, a empresa dispón dun departamento de control de calidade, cun licenciado en químicas e técnicos de control, dispoñendo dos equipos necesarios para levar a cabo o control de sinais carteis e marcas viarias.

Non figuran que se vaian realizar controis de outras materias como: biondas, fitos reflexivos, bolardos, etc, apreciando diferenzas sobre as normas UNE de realización dos ensaios

Ao observar carencias no control dos materiais e existindo algunhas diferenzas coas normas UNE de aplicación no mesmo, faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico e a Normativa en vigor.

**5.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

Comprométense a cumprir toda a lexislación vixente, figurando que cumprirá a normativa do Concello de Vigo, cando terá que cumprir a do Concello de Santiago, dispoñendo do Rexistro de empresa certificada en prevención de riscos laborais, conforme á norma OSHAS 18001:2007, contando coa presenza dun vixiante de seguridade de API mobilidade, que recorrerá todos os tallos, realizando comprobacións das disposicións de seguridade e saúde.

Avaliaranse inicialmente os riscos, mediante un equipo técnico que realice a avaliación inicial, formando e informando aos traballadores sobre os riscos existentes. e se realizará recoñecemento médico, adoptando a fórmula de prevención allea.

Dispoñeranse equipos de protección individual segundo os riscos que deben protexer. No plan de seguridade e saúde, estableceranse as medidas específicas a aplicar en cada un dos equipos de traballo, elaborando un plan de emerxencia das instalacións.

Identifícanse as operacións que implican maiores riscos, os específicos por posto de traballo, e os da utilización de maquinaria.

Faise constar que entre os riscos a ter en conta, estudarase o posible efecto sobre os traballadores pola utilización de pinturas, e se engadirá como risco o que supón á hora de facer escavacións nas vías urbanas, a existencia dos distintos servizos públicos, tales como instalacións eléctricas, gas, auga potable, etc.

Tamén se fai constar que o tamaño dos sinais de obra, adaptárase ao tipo de vía no que se realizan os traballos.


Non se fai constar que se resulta adxudicatario do servizo se vaia propoñer para a súa designación un coordinador de seguridade e saúde, durante a execución da obra, a un técnico competente nesta materia, de acordo co artigo 17 do Prego Técnico e anexo de seguridade.

En relación co tratamento de residuos, teñen establecido un sistema de xestión ambiental, segundo a norma ISO 14001, avalado por empresa rexistrada por Aenor

No procedemento de xestión de residuos, os clasifican en inertes e perigosos.

En relación cos residuos perigosos levarase un libro de rexistro de almacenamento de residuos perigosos e un control de cando son recollidos polo xestor autorizado. Identificando os residuos perigosos coas correspondentes tarxetas identificativas.

Antes da data de retirada cursarase ao xestor unha solicitude de residuos industrial, que quedará especificada, no documento de aceptación do residuo, que será entregado polo xestor previamente.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 6 - INNOVIA COPTALIA S.A.U.

**6.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Na memoria detallada fan constar que as actividades a levar a cabo entre outras son: establecemento, mantemento, recoñecemento e retirada de sinalización ocasional, información de estado e funcionamento de viales.

En relación coa organización do servizo os traballos que van realizar, serán os seguintes: servizo de comunicacións, traballos programables e non programables, equipo de emerxencia.

Establecerán un centro de comunicacións para transmitir calquera comunicación as 24 horas do día, 365 días ao ano, dispoñendo de tres liñas telefónicas, unha delas para fax, con conexión adsl de internet e correo electrónico.

Para documentar os traballos utilizaranse partes de comunicacións, incidencias e operacións, distinguindo dúas canles de información, en función de que se trate de situacións urxentes ou ordinarias.

Non indican nin os partes nin as unidades de obra realizadas, nin os materiais utilizados na súa execución o que incumpre o artigo 27 do Prego técnico.

Para atender emerxencias avisarase aos equipos necesarios en horario laboral e, si non é horario laboral será atendida polo equipo de emerxencia, nun prazo non superior a 24 horas, debendo realizarse a reparación de forma inmediata si é no caso de emerxencias, de acordo co artigo 6 do Prego Técnico.

En relación cos traballos programables din que se realizarán inspeccións semanais.

Durante os primeiros seis meses do contrato, realizarán un inventario de cuantías e seis meses antes da finalización deste terán realizado o inventario completo

En relación co inventario ofertan o software INGRID que permite relacionar unha base de datos alfanuméricos con representacións gráficas, ofertando como mellora a implantación dun sistema mediante o cal o director do contrato terá acceso en tempo real á información, estando incluído no Prego Técnico.

Para os labores de inventario cóntase permanentemente cun administrativo e co persoal que realiza a vixilancia.


Terminado o inventario presentarán unha proposta de mantemento preventivo, debendo figurar un resumo da mesma na oferta presentada.

Realizarán operacións de vixilancia e control de infraestruturas e mobiliario urbano, axuda a prevención de inundacións ou avarías imputables ao sistema de saneamento

O procedemento para levar a cabo estas operacións e actividades e o seguinte: detectar a avaría ou deficiencia, ben pola detección cos seus propios medios, é dicir, despois do inventario a realizar nos primeiros 6 meses, ou ben pola vixilancia exhaustiva que se vai levar a cabo, ou ben pola colaboración dos veciños...comunicándoo aos servizos municipais, para que dean aprobación para proceder a súa reparación, que si implica perigosidade, actuarán de oficio coa máxima urxencia.

Os prazos de reparación de avarías clasifícanse de distinta maneira que no artigo 5 e 6, do Prego Técnico.

O equipo de emerxencia estará formado por dous operarios, dispoñibles as 24 horas do día.



## CONCELLO DE SANTIAGO

A empresa solucionará incidencias sen ter en conta se suceden de noite ou de día, e sen que isto implique custe algún para o Concello.

No apartado de afeccións das obras, fan referencia a obras de gabias indicando que cando inicien os traballos poñeranse en contacto coas empresas dos servizos afectados, para que eles podan actualizar as súas instalacións. Tamén indican que en ningún caso quedarán gabias abertas cando non haxa persoal na obra, estando a obra delimitada en varios recintos pechados.

Para a realización de obras e traballos, estes se sinalizarán de acordo coa ordenanza de ocupacións de vías públicas.

Fan constar que os días que se produzan labores de electricidade, restrinxirase o tráfico de peóns..., indicando que en caso de afección a edificios se procederá ao buzoneo por portais...etc si se afectan servizos na zona avisarase aos afectados coa debida antelación colocando avisos nos portais...

En caso de afectar ao transporte público, se facilitará o paso para que podan circular con seguridade os peóns.....

Os postes a instalar nas paradas se colocarán a unha altura de 100 e 175 cm, cando a altura mínima deles en zonas de paso de peóns situarase a unha altura mínima de 2.20 m.

Nestes apartados faise mención a distintos aspectos que **no teñen relación cos labores** que son obxecto do concurso, non se fan as inspeccións diarias da sinalización, utilízase un programa de xestión do inventario da sinalización cando o Concello xa dispón dun, non se axusta a clasificación das reparacións ao indicado no artigo 5, as condicións da obra son para unhas unidades de obra de maior tamaño que o requirido para as pequenas obras de mantemento e reparación de sinalización, se afectan a edificios, non se colocan os sinais as alturas regulamentarias. Polo que se incumpren distintos artigos do Prego Técnico.

Non se fai mención na oferta, á implantación dun programa de xestión documental, o que incumpre os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

### 6.2.- Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.


Neste apartado aportan un cadro cos meses nos que van realizar as tarefas, indicando que a pintura fan só a van a executar nos meses de maio a setembro.

As tarefas de instalación e mantemento de sinalización vertical as realizarán de abril a outubro, non realizando varias tarefas do contrato no mes agosto.

Tal e como figura no artigo 12 do Prego Técnico, a dispoñibilidade e disposición do persoal será de 24 horas 365 días ao ano, polo que o cadro de meses de traballo proposto non o cumpre.

### 6.3.- Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

Propoñen como relación de persoal un delegado do servizo- enxeñeiro de camiños e con dedicación parcial e un responsable de conservación e mantemento- enxeñeiro de camiños con dedicación exclusiva, un encargado xeral de obras- FP I, con dedicación exclusiva, un administrativo- FP II con dedicación exclusiva e un técnico de seguridade e saúde e calidade medioambiental- licenciado dereito e TSPRL con dedicación



## CONCELLO DE SANTIAGO

exclusiva. Indican que, en xeral este persoal ten formación COEX, pero non se teñen experiencia en mantemento de sinalización horizontal e vertical e doutros elementos que figuran neste concurso.

Como cuadrillas propoñen coa dedicación exclusiva mínima. un oficial 1ª e dous peóns especializados, non figurando que teñan experiencia na realización dos traballos dos que son obxecto do concurso, nin figura que os peóns dispoñan de carné de conducir. O artigo 12 do Prego Técnico, indica entre outros aspectos, que ademais do técnico titulado de grado medio, se dispoñerá de dous oficias de segunda con experiencia demostrable, e dun equipo de sinalización horizontal a disposición do servizo, que estará formado cando realicen traballos en calzada, por un número mínimo de tres persoas, **polo que non dispoñen do persoal mínimo que indica o artigo 12 do Prego Técnico.**

Tampouco figuran as funcións que vai ter o persoal, incumprindo así mesmo o artigo 12) Persoal, do Prego Técnico.

Inclúen na oferta unha relación de equipos de traballo e medios técnicos a utilizar no contrato

Desta maquinaria non indican as características e prestacións, polo que non se pode comprobar se cumpren as condicións de realizar, entre outros, traballos, os de pintura en quente, dimensións máximas dun dos furgóns, fresado infinitesimal de marcas viarias, tal e como indica o artigo 13 do Prego Técnico, en relación coa maquinaria de aplicación.

**6.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Se a empresa resulta adjudicataria, dispoñerá dun almacén con oficina onde farán acopio da maquinaria e o stock necesario para acometer a obra. Teñen previsto 1.000 metros de nave- garaxe e 70 m de oficinas, contando con liñas de teléfono, fax e banda ancha para transmisión de datos, instalando nela o centro de comunicacións. Non concretan a súa ubicación polo que incumpren o artigo 14 do Prego Técnico.

Propoñen un stock de sinais, pintura e bolardos que resulta insuficiente, incumprido o artigo 16 do Prego Técnico.


Comprométense a proporcionar calquera material que sexa necesario utilizar para a cometer as operacións do contrato en menos de 12 horas.

Non figuran as características dos materias que se van a utilizar na realización dos traballos.

Non figura a forma de organización da sinalización a utilizar na execución dos traballos.

**6.5.- Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.**

Indican que teñen implantado, manteñen e melloran continuamente o sistema de xestión da calidade segundo o modelo da Norma ENE- EN – ISO 14001, o sistema de xestión da prevención segundo a Norma OHSAS 18001 e o sistema de xestión na



## CONCELLO DE SANTIAGO

investigación, desenvolvemento e innovación, conforme a norma UNE16600, quedando reflexado nun sistema de xestión integrado e quedando reflexado no manual do sistema e nos procedementos relacionados. Non figuran na oferta estes certificados.

Na oferta figura cadro de control de materiais e controis sobre unidades acabadas, nos que non coinciden ou non figuran algunhas das normas UNE que constan no Prego Técnico, polo que ao observar carencias no control dos materiais e existindo algunhas diferenzas coas normas UNE de aplicación no mesmo, faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e a Normativa en vigor.

Presentan un programa de inspección e ensaios nun tamaño de letra pouco lexible, no que parece lerse nun dos apartados que os partes, en relación coa execución da sinalización horizontal, que os asinarán o persoal da empresa e a dirección facultativa do Concello, non figurando este extremo no Prego Técnico, polo que os procedementos cos que se realizará a prestación dos traballos, axustaranse aos Pregos Técnico e Administrativo.

**6.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

En relación coa prevención de riscos laborais se indica na oferta que teñen constituído un servizo de prevención propio, que en colaboración co equipo de produción planificará a actividade preventiva, efectuando visitas periódicas o responsable de SPP. O xefe do servizo, xunto con el TPRL e o RP supervisarán o documento de seguridade e saúde aprobado, planificando as actividades e asinarán o documento de seguridade e saúde.


Nesta parte da oferta fan mención a distintos procedementos corporativos da empresa, que non quedan recollidos con claridade, como á participación do persoal e aos procesos de formación e información.

Non especifican entre outros aspectos, que vaian redactar plan de seguridade e saúde, nomear a un coordinador de seguridade e saúde e outros, recollidos no artigo 17 do Prego técnico, polo que o incumpren.

Clasifican os residuos en especiais e non especiais, contratando a súa xestión a través de xestores e transportistas autorizados, levando un control dos residuos por medio dos documentos de seguimento e control, acopiándoos nun punto limpo.

Darase de alta o centro de traballo como pequeno produtor de residuos e se elaborará un plan de actuación ambiental, levando a cabo un control medioambiental das actividades por medio del PPT e de control operacional para poder identificar e avaliar os aspectos medioambientais previsibles e os potenciais.

Non figura na oferta que os residuos podan ser perigosos, como sucede por exemplo, cos botes usados de pinturas, incumprindo o artigo 26, do Prego Técnico. Tampouco figura que vaian facer entrega ao Concello dos certificados de tratamento destes residuos.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **7. SALMANTINA SEGURIDAD VIAL S.A.**

**7.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Propoñen para o correcto funcionamento do servizo, reunións anuais do xefe de obra coa dirección facultativa, para realizar un plan de obra das actuacións por barrios..

A primeira semana do mes se reunirá o xefe de obra coa dirección facultativa, para entregarlle a certificación do mes e unha memoria mensual da execución do servizo. Semanalmente reuniranse para organizar os traballos a realizar, e se entregarán as ordes de traballo.

O encargado recollerá diariamente as ordes de traballo dadas polo Concello, e se comprobarán os traballos realizados e as incidencias, redactando partes diarios, pero non indican que os entreguen ao Concello o que incumpre o artigo 27 do Prego Técnico.

Solicita ás compañías subministradoras dos servizos afectados información en Alacante, cando o servizo préstase en Santiago de Compostela.

**7.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.


Neste apartado indican os métodos de execución de marcas viais mediante, a limpeza das calzadas, a aplicación de pintura acrílica cidade, spray- plastic, dous compoñentes, borrado de pintura e sinalización vertical, non contemplando a instalación de bolardos, barreiras de seguridade, reductores de velocidade e outras unidades que son obxecto deste concurso. A sinalización vertical a situarán a unha altura de 1.90 m. do solo, cando o Prego Técnico indica, que estará a unha altura mínima de 2.20 m., contemplando a posibilidade de instalación de sinais verticais en báculos de farois e de semáforos, o que non está contemplado no Prego Técnico, debendo contar coa autorización expresa da dirección facultativa.

Realizarán un plan de traballos anual dos labores de conservación e mantemento, dividindo a cidade en barrios recollendo todas as actividades contempladas nos Pregos, debendo figurar estes extremos na oferta presentada.

Non figura na oferta que se vaian facer cargo dos custes e mantemento do programa INCA do Concello, e non consta que vaian dispoñer de programa de xestión documental, o que incumpre os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

**7.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

O número total de traballadores que a empresa propón para a execución do contrato, incluíndo as catro persoas que conforman o persoal de xestión, é de dez persoas. O cadro de distribución que presentan é: equipo de xestión dúas persoas e equipos de traballo cinco persoas, que fan un total de sete persoas, non coincidindo o número de persoas ofertadas.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Como xefe de obra propoñen un enxeñeiro técnico con experiencia neste tipo de traballos, pero non a documentan, con dedicación exclusiva, non indicando as súas funcións. Tamén propoñen un encargado que supervisará os equipos e realizará os labores de vixilancia e detección de defectos da sinalización, con dedicación exclusiva, non indicando a súa experiencia.

Para atender as necesidades xeradas pola obra, a empresa, comprométese a ter adscrito á mesma un equipo de sinalización horizontal/vertical, formado por un oficial 1ª, un oficial 2ª e un peón especializado, e outro equipo para traballos de urxencia, con dous oficiais de 2ª con carné de conducir, non indicando a dedicación destes, nin a súa experiencia, nin que se vaian reparar as urxencias que representen perigo para os usuarios das vías, incumprindo o artigo 5 e 6 do Prego Técnico.

O vestiario dos traballadores irá provisto de elementos refractantes e tamén indican o horario de realización dos traballos.

En relación coa maquinaria, vehículos e medios auxiliares que se compromete a adscribir á empresa, non indican as súas características e prestacións, polo que non se pode comprobar se cumpren as condicións para realizar, entre outros traballos os de pintura en quente, dimensións máximas dun dos furgóns, e fresado infinitesimal de marcas viarias, tal e como queda recollido no artigo 13 do Prego Técnico.

Cando se describen as unidades de pintado se fai mención a que esas pinturas se aplicarán cun determinado tipo de maquinaria, non figurando si se vai dispoñer delas e en que condicións nese caso.

**7.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Se a empresa resulta adxudicataria, comprométese a alugar unhas instalacións no termino municipal de Santiago, que dispoñan de garaxe para o parque móbil, almacén de material de consumo, oficinas contando con: teléfono, fax, correo electrónico e material ofimático diverso, non concretando a súa ubicación polo que incumpren o artigo 14 do Prego Técnico


En relación coa calidade dos materiais Indica, que todos cumprirán coas especificacións técnicas esixidas nos Pregos de Cláusulas Técnicas do presente concurso, sen facer mais aclaracións nin mais indicacións das súas características, debendo constar na oferta presentada. e tendo en conta que os materiais que sexan obxecto de execución e subministro neste contrato, cumprirán o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materias retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.

Non figura nin a sinalización a utilizar na execución dos traballos nin a súa organización.

**7.5.- Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.**

Non se fai constar na oferta o programa de toma de mostras de materiais a empregar, indicando que dispón de certificado de rexistro de empresa segundo a norma UNE-





## CONCELLO DE SANTIAGO

EN-ISO-9001:2008, certificado por AENOR para instalación de sinalización vertical e horizontal de viales e pistas, a instalación de elementos de balizamento retrorreflectantes e de barreiras metálicas de contención de vehículos.

No caso de ser adxudicatarios do presente contrato esta empresa se compromete a que nun prazo non superior a 15 días desde a adxudicación presentará ante a dirección facultativa un plan de aseguramento da calidade para os labores de conservación e mantemento do contrato, debendo figurar estes extremos na oferta presentada.

**7.6.- Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.**

No apartado de xestión da prevención de riscos laborais indican que no caso de ser adxudicatarios do presente contrato, esta empresa se compromete a que nun prazo non superior a 15 días desde a adxudicación presentará ante a dirección facultativa un plan de seguridade e saúde para os labores de conservación e mantemento, facéndose constar que deberían figurar na oferta a identificación de riscos, como levar a cabo a prevención nos traballos a desempeñar, o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, etc.

En relación co tratamento de residuos, indican que estableceron un compromiso co medio ambiente, que se reflexa na aplicación dun sistema de xestión medioambiental segundo a Norma ISO 14001, avalado polo certificado de empresa rexistrada por AENOR

A empresa realizará un plan de medio ambiente cando xa debería constar al menos un avance do contido del nesta oferta.

Indican tamén que os residuos e lixos xerados con motivo da realización de calquera actividade, serán transportados a vertedoiros ou puntos verdes autorizados, dándose de alta como pequeno produtor de residuos

## **8. U.T.E. URBASER S.A.- LICUAS S.A.**


**8.1.- Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.**

Propoñen os métodos de execución das distintas unidades de obra e prestación dos servizos que son obxecto do concurso, describindo a maneira de realizar e as limitacións á execución.

En relación coa aplicación de marcas viais, describen as operacións de preparación da superficie, premarcaxe e eliminación.

En relación coa sinalización vertical, indican o proceso de instalación, comezando polo replanteo, cimentación e ancoraxe dos sinais e a súa colocación.

Indican que van instalar barreiras de seguridade, bandas sonoras, redutores de velocidade e elementos de balizamento. En canto ao procedemento de instalación de hitos reflexivos, o procedemento de instalación o fixará o director de obra e o Prego Técnico, debendo ser o que indique o fabricante e a normativa que lle resulte de aplicación.



## CONCELLO DE SANTIAGO

As características dos bolardos a instalar, serán as dos modelos que habitualmente instala o Concello

Cando se instalen bandas transversais, redutores de velocidade, etc a sinalización será a que fixe como mínimo a normativa aplicable, e non só a de limitación de velocidade.

Realizarán asesoramento nas materias que figuran no Prego Técnico.

Farán inspeccións diarias do estado da sinalización horizontal e vertical e demais elementos obxecto do contrato, procedendo á reparación coa maior urxencia posible daqueles que supoñan riscos inminentes, dotando o servizo dun equipo de inspección cun operario experimentado que dispoñerá dun vehículo adecuado e medios de comunicación en tempo real, con equipos de sinalización e balizamento, para sinalizar os perigos evidentes en tanto no se procede á súa reparación.

Organizan os recorridos de inspección mediante rutas, cunha frecuencia de revisión de todos os elementos en zona urbana cada dous meses, e na rural cada tres

As anomalías e incidencias quedarán reflexadas diariamente nos partes de incidencias, facendo constar o programa anual de inspección.

Levarán a cabo a toma de datos de sinalización e dos elementos do viario para completar os datos dos que dispón o Concello, introducindo estes no programa INCA, e encargándose da actualización periódica do programa .

Propón o software de xestión de sinalización Inca urbano, sistema de información xeográfico para á xestión de inventarios urbanos de sinalización, mobiliario e semáforos, dispoñendo dun módulo de xestión de ordes de traballo.

Os traballos na vía pública os sinalizarán de acordo coa Instrución 8.3-I.C. de Sinalización de Obras e coa Sinalización Móbil de Obras.

Cando teñan que facer escavación para a instalación de certos elementos, dispoñerán de equipos de apoio que localizarán os servizos das canalizacións de servizos urbanos de forma manual, non sendo isto suficiente e tendo que solicitar información das empresas que prestan eses servizos, para saber por onde discorren.


Fan constar que como organización do servizo, van contar cun técnico titulado, sen indicar a súa titulación, con dedicación parcial e indican as súas funcións, e tamén dun administrativo.

Propoñen que **inicialmente**, van contar cun equipo de sinalización horizontal e vertical, un equipo de balizamento, bolardos, etc, e un equipo de inspección e control, figurando os labores que se lles van encomendar, sendo os equipos os seguintes:

- De sinalización vertical e horizontal, dispoñendo dun oficial 1ª, un oficial 2ª, un peón especialista, con dedicación parcial e un peón especialista de apoio en campaña de pintura, dispoñendo de distintos medios, entre os que figura unha minicargadora con disposición de 12 xornadas ao ano.
- De balizamento, bolardos e redutores de velocidade, con dous oficiais 2ª, dispoñendo de distintos medios entre os que figura unha máquina hincapostes con disposición de 12 xornadas ao ano.
- De inspección e control, dotado dun inspector e unha furgoneta.

Faise constar que no persoal figuran uns con dedicación parcial e outros con dedicación plena ou dedicación exclusiva.

A U.T.E. xestionará as ordes de traballo cun módulo do programa INCA Urbano, que permite traballar vía web mantendo comunicación fluída coa dirección facultativa, caso de producirse incidencias ou detectar anomalías, xerando ordes de traballo a través da plataforma, procedendo a U.T.E. á reparación e presentando partes con periodicidade diaria e resumos semanais e mensuais.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Nos partes figuran distintos aspectos, e tamén terán que figurar as medicións dos elementos que se reparan, situación, materiais utilizados, etc, de acordo co artigo 27 do Prego Técnico.

**8.2.- Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.**

Indican que dispoñerán dunha serie de ferramentas para a xestión dos traballos, contando cun software específico de control interno, de persoal, vehículos, maquinaria e de xestión dos activos.

Tamén indican que dispoñerán dun programa de xestión de activos INCA, que vai realizar aplicacións para mobiliario, semáforos, licenza Cardim, xestión ordes traballo.

Indican que realizarán traballos **sen orden de traballo**, creados pola empresa a iniciativa propia, e unha vez executado **os incluírán para a súa certificación**, debendo estar sometidas estas ordes ao control do Concello, de acordo cos Pregos e coas ordes da dirección facultativa.

A ferramenta aquí descrita non permite coñecer os materiais e medios utilizados na realización dos traballos, dos informes económicos, stocks, rendementos, etc, non indicando a dispoñibilidade do Concello sobre ela, incumprindo polo tanto os artigos 1.8) e 15, do Prego Técnico.

Fan constar distintos aspectos a comprobar para unha adecuada reparación e execución das unidades de obra, asegurando que se realizan segundo a norma obtendo un resultado de calidade. Figuran estes aspectos para a execución de sinalización horizontal, de sinalización vertical, bolardos, biondas e outros elementos.

No plan de traballo marcan os tempos e formas en que levarán a cabo os diferentes labores, sendo estes:


Labor	Horario traballo	Frecuencia/duración
Revisión inicial	Diurno	Tres primeiros meses de contrato
Inspecciónes	Diurno	Diarias, completándose todos los elementos cada 2 meses
Señalización horizontal	Nocturno	De primavera a otoño
Señalización vertical	Diurno, excepto emergencias	Limpieza completa mínimo una vez al año
Bolardos, biondas y otros elementos	Diurno, excepto emergencias	Limpieza completa mínimo una vez al año

O horario de execución dos traballos, axustarase ao indicado no artigo 21 do Prego Técnico.

Din que os traballos se realizarán en función das necesidades, mostrando nun anagrama o procedemento a seguir. Segundo este a urxencia da realización da reparación dos riscos que xurdan, a marca a empresa, cando tamén a poden marcar os técnicos municipais.

A U.T.E. presentará diariamente un informe, sobre as anomalías detectadas e sobre as operacións de mantemento realizadas.

Clasifican o nivel de anomalías de acordo co Prego Técnico, indicando que estes prazos de reparación se entenden como días laborables a contar dende a recepción do aviso da anomalía ata que se repare, cabe indicar sobre este particular que hai que facer a excepción que figura no artigo 6 do Prego Técnico, de que se a anomalía representa perigo aos usuarios da vía, a actuación da empresa será inmediata neses casos.



## CONCELLO DE SANTIAGO

**8.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

A U.T.E. notificará os nomes, categorías e demais circunstancias persoais dos operarios que cubrirán os postos de traballo, realizando unha campaña de formación de todo o persoal, en función da súa especialidade e categoría.

Propoñen como persoal adscrito ao servizo, sen estar destinado en exclusividade, a disposición do mesmo, e como apoio puntual, o persoal seguinte:

PERSONAL DE ESTRUCTURA DE APOYO AL SERVICIO	
<b>Delegado</b>	Máximo responsable de la UTE en la zona
<b>Departamento de Proyectos</b>	Redacción puntual de proyectos del contrato
<b>Técnico Seguridad y Salud.</b>	Coordinación del Plan de Seguridad/ Salud del contrato
<b>Departamento de Calidad</b>	Coordinación del Plan de Calidad del contrato
<b>Departamento de Compras</b>	Coordinación para adquisición de maquinaria
<b>Departamento Administrativo</b>	Apoyo y coordinación administrativa del contrato
<b>Departamento Medioambiental</b>	Asistencia y asesoramiento en materia medioambiental

Como persoal técnico e de mando, adscrito ao servizo e para exercer os labores de vixilancia e control, con dedicación parcial, localizable as 24 horas do día, 365 días ao ano, un técnico titulado e un administrativo.

Como persoal operativo directo con dedicación exclusiva, localizables as 24 horas do día, 365 días ao ano, propoñen 3 oficiais de 2ª, 2 Oficiais de 1ª e un peón especialista. Tamén propoñen un peón especialista, con dedicación temporal, unicamente en campaña de pintura, figurando no organigrama do servizo.

Todo o persoal operativo dispoñerá de roupa adaptada á normativa vixente, indicando na oferta que se rotulará co anagrama do Concello e a imaxe corporativa do servizo, debendo terse en conta que a rotulación non diminúa o nivel de protección das prendas.


En relación coa cualificación e experiencia do persoal se detalla a titulación e experiencia dos traballadores propostos, sendo a seguinte:

Como técnico titulado, propoñen un enxeñeiro técnico de obras públicas, figurando os oficiais 2ª cun indicativo ao lado do seu currículo coa indicación (1) e (2), e os duns axudantes co indicativo (1), (2) e (3), non correspondéndose estas nomenclaturas coas indicadas nas que constan como persoal operativo.

En relación coa experiencia do persoal que figura na oferta, cabe indicar que dispoñen dela, na realización de obras de pavimentacións, sendo escasas as referencias a experiencia en traballos de sinalización.

En relación con maquinaria, vehículos e medios auxiliares, consta nas páxinas 32, 36, 37, entre outras, que os medios e útiles serán para a realización de traballos de **xardinería**, que non son obxecto deste concurso.

Asignan un vehículo ao equipo de balizamento, bolardos, etc, de maiores dimensións que as máximas indicadas no Prego Técnico para estes traballos, tampouco figura na oferta que vaian a dispoñer de máquina autopropulsada pesada para aplicación dos distintos tipos de pintura, non indicando se a fresadora de pintura dispón de control infinitesimal de profundidade do fresado, o que incumpre o artigo 13 do Prego Técnico. Nalgúns dos equipos e medios que van dispoñer para a realización dos traballos, figura que a dispoñibilidade será de 12 xornadas ao ano, cando a **dispoñibilidade** se axustará as necesidades do contrato.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Indican que os vehículos adscritos ao servizo, serán de nova adquisición, furgón mantemento, camión lixeiro de caixa aberta, furgoneta de inspección e vehículo para o responsable do servizo, dispoñendo GPS para a súa localización, constando que terán un prazo de **posta en servizo** dende o inicio do mesmo, de **15 días para vehículos e de dous meses para camións**, non indicando con que medios van contar para prestar o servizo neses prazos. No artigo 17.a) do Prego Técnico, figura que o servizo se iniciará aos 20 días de formalizado o contrato. A empresa non indica como van prestar o servizo, en tanto non dispón dos camións e vehículos novos.

Os pregos técnico e Administrativo din que deben dispoñer **dende o inicio da prestación** dos medios necesarios para executar os traballos obxecto deles, debendo limitarse ao seu cumprimento.

A rotulación dos vehículos, axustarase ao indicado no artigo 13. f) do Prego Técnico.

**8.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Propoñen a utilización dunha nave para ubicación do servizo no polígono industrial do Tambre, que estará acondicionada pola U.T.E, coas dependencias necesarias e cos requisitos esixidos pola Norma ISO 14.001, para obtención do sistema de xestión medioambiental, dispoñendo de parque de vehículos, taller, oficinas, aseos, vestiarios, e almacén de material e residuos perigosos.

Ao non indicar o **asentamento da nave** se incumpre o artigo 14 do Prego Técnico, facéndose constar que as dependencias da U.T.E., **non poden estar adscritas** ao servizo das instalacións **doutros contratos** municipais.

Se comprometen a poñer a disposición do contrato un stock de materiais, estimado en función do presuposto e do 1 % do material instalado, contemplando sinalización vertical de aceiro galvanizado e aluminio, biondas, sinais informativas europeas, biondas, redutores de velocidade e bolardos., En relación co sistema de comunicación, indican que para conseguir unha boa xestión do servizo é necesario que exista un bo fluxo de información, nos diferentes niveis de xestión do servizo, entre a empresa e a dirección facultativa e entre o persoal da empresa, utilizando para elo teléfonos móbiles, fax, liña de telefono, correo electrónico e a través do programa de xestión ofertado, establecendo comunicacións cos usuarios e cidadáns e coa dirección facultativa. O técnico titulado, dispoñerá de móbil con conexión 24 horas/ día.


As incidencias se atenderán en horario de traballo.

Hai que facer constar que ademais das incidencias, terán que atender tamén as **urxencias** que xurdan fora do horario habitual de traballo.

Comprométense a presentar ao Concello o marcado CE de todos os materiais obxecto do contrato, de acordo coa normativa vixente, sen facilitar mais datos sobre os materiais a empedra

Existen diferenzas e non constan algúns dos ensaios a que van someter as probetas dos distintos materias cos que figuran no Prego, polo que ao observar carencias e algunhas diferenzas coas normas UNE que figuran nel, os materiais que sexan obxecto de subministro neste contrato, cumpriran o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materias retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.

Realizarán a sinalización dos traballos, e din que vanse utilizar vallas de tipo Concello, para separar tráfico, debendo ser substituídas estas, cando proceda por conos ou



## CONCELLO DE SANTIAGO

new jerseys, figurando que van sinalizar medianas e outros elementos de **xardinería**, que non obxecto do contrato.

**8.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

A U.T.E, se acollerá ao sistema de xestión calidade baseado na Norma UNE-EN ISO 9001 e redactarán un plan de calidade específico para o contrato, indicando na oferta a súa estrutura, necesidades, unidades e materiais sometidos ao plan de calidade

A planificación de ensaios a realizar no transcurso da obra se recollen no plan de ensaios: O xefe de obra formalizará este documento definindo a normativa aplicable, a periodicidade, os criterios de aceptación e no seu caso, o tamaño da mostra, indicando tamén o tipo de control. Este plan de ensaios debería figurar na oferta presentada.

Na oferta figuran uns cadros de ensaios que deben reunir a sinalización horizontal e vertical, non figurando os controis a someter doutros elementos que serán subministrados durante a realización dos traballos, nin o control de materiais e controis sobre unidades acabadas, non coinciden ou non figuran algunhas das normas UNE que constan no Prego Técnico, polo que ao observar carencias no control dos materiais e existindo algunhas diferenzas coas normas UNE de aplicación no mesmo, faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e a Normativa en vigor. Non se indica cada cantas unidades de obra se van realizar os ensaios, nin con que frecuencia

**8.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.


Indican que a U.T. E. se acollerá o sistema de xestión da prevención segundo a Norma OHSAS 18001:2007, implantado por Licuas, indicando que nomeará técnico de prevención, con formación para o desempeño das funcións de nivel superior especialidade de seguridade no traballo, dito nomeamento será realizado polo técnico titulado de grado medio, usando o modelo de seguridade relativo ao acta de nomeamento do técnico de prevención, indicando as funcións a desenvolver por el.

O técnico de prevención realizará inspeccións cada dous meses para comprobar o cumprimento do plan de seguridade e saúde.

O adxudicatario nomeará Técnico de Seguridade e Saúde, que será o encargado de elaborar, controlar e supervisar que a obra se realice de acordo co Plan de Seguridade e Saúde e ó R.D. 1627 / 97, Pregos de Condicións Técnico e Administrativo e Ordenanzas Municipais de aplicación.

En relación co aquí indicado o Prego Técnico, no seu artigo 17, recolle entre outros os aspectos seguintes:

Dentro dos vinte días seguintes á comunicación da adxudicación, o adxudicatario deberá propoñer á Administración para a súa designación como coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, ao técnico competente nesta materia que exercerá dita función.



## CONCELLO DE SANTIAGO

O técnico de seguridade e saúde e o coordinador de seguridade e saúde terán a titulación e cualificación axeitada, para redactar e informar ó Concello antes de someter a aprobación municipal o plan de seguridade e saúde e as modificacións, no relativo a seguridade e saúde que xurdan na execución dos traballos de mantemento.

Indican entre outros aspectos relativos a seguridade e saúde, que realizarán análises das posibles situacións de emerxencia, dispoñerán carteis de emerxencia repartidos en distintos puntos, indicando os teléfonos de emerxencia e os centros de asistencia, indicando tamén o procedemento de levar a cabo a notificación e os partes de accidentes.

O certificado de seguridade e saúde laboral, do sistema de xestión da prevención segundo a Norma OHSAS 18001:2007, da empresa Urbaser, que presentan segundo se pode apreciar, caducou o día 01-08-14

En relación co tratamento de residuos os clasifican segundo a súa natureza, sinalando os tratamentos que lle van dar a cada tipo, tomando precaucións cos residuos perigosos, para que durante o seu almacenamento non se produza contaminación, dispoñéndoo en contedores adecuados baixo teito e sobre solo protexido.

Indican o destino para cada tipo de residuo non reutilizable, clasificándoos en urbanos, industriais e perigosos.

### **9.VIABAL S.A.**

**9.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

O indicado neste apartado é moi escueto e non concreta a organización do servizo, nin fala da execución nin do control.

No fai mención ao programa de xestión, nin a actualización do programa INCA, non cumprindo por tanto o Prego Técnico.


**9.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.

Non fai mención.

**9.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

No concreta as funcións do persoal, nin o califica. Non fan mención da súa experiencia nin a dedicación e non presenta organigrama, incumprindo o artigo 12 do Prego Técnico.

Non indica as características da maquinaria, máquina autopropulsada pesada, dimensións furgón, fresadora con control infinitesimal, incumprindo o artigo 13 do Prego Técnico



## CONCELLO DE SANTIAGO

**9.4.-** Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.

Non indica onde se situará a nave almacén, tan só se compromete a alugar unhas oficinas de 50 m2 en Santiago, incumprindo o artigo 14 do Prego Técnico  
Non indica que vaia dispoñer de stock de sinais e outros elementos a instalar ao realizar os traballos do contrato, incumprindo o artigo 16 do Prego Técnico

**9.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

Non fai referencia.

**9.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

Non fai mención.

## 10. VALORIZA S.A.

**10.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluirán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Indican os traballos que van realizar, de acordo cos que figuran no Prego, describindo as operacións a realizar das unidades de obra obxecto do contrato, e os métodos de execución.

Realizarán o borrado de marcas viales con pintura negra, en casos de necesidade apremiante, debendo axustarse as condicións no indicado no artigo 17.d) do Prego Técnico.

En relación cos traballos de instalación de barreira de seguridade terase en conta o que indica a normativa de recente publicación, orde circular 35/2014.


Inspeccionarán os elementos obxecto do contrato, tres veces ó ano, no sector urbano e dúas veces no sector rural

Realizarán un parte semanal no que se incluírán as actuacións correctivas realizadas, debendo presentarse con periodicidade diaria de acordo co artigo 27, do Prego Técnico.

Cando se detecten anomalías que representen un perigo inminente á seguridade, procederase a súa reparación de forma inmediata, dando conta con posterioridade ao departamento técnico da sección de circulación, clasificando os prazos de reparación de acordo cos que figuran no Prego.

Organizan un servizo permanente de garda para emerxencias, de 24 horas, 365 días / ano, con teléfono e correo electrónico.





## CONCELLO DE SANTIAGO

Actualizan o inventario e, revísano no primeiro mes do contrato, realizando o mantemento do programa INCA e implantan un programa de xestión documental, denominado ICARO.

Ao finalizar os tres primeiros meses do contrato, presentarán informe do estado dos distintos elementos do contrato, presentando esquemas de cómo levar acabo as distintas actuacións.

Comentan as operacións a realizar e enfocan o mantemento en correctivo, preventivo e predictivo, o que vai permitir a xestión da sinalización dos elementos existentes, indicando como se vai levar a cabo o procedemento, emitindo informes, rexistro de incidencias, dispoñendo de stock mínimo en almacén para realizar as reparacións.

Redactarán partes semanais, mensuais e anuais, debendo redactar partes dos traballos realizados diariamente, e entregalos con esa frecuencia aos responsables municipais, de acordo co artigo 27 do Prego Técnico.

Establecen períodos de reparación e indican que van facer as inspeccións das zonas de acordo co Prego Técnico.

Tamén indican que este programa e a documentación xerada serán de propiedade do Concello, formando ao persoal municipal no seu manexo.

Dentro do mantemento correctivo contemplan a actuación en situacións de emerxencia, incidencias e actuacións singulares, realizando partes de incidencias, rexistro de incidencias e arquivo das mesmas, debendo estar o contido no libro de ordes no programa de xestión documental.

Presentan diagramas da reparación de anomalías do mantemento correctivo.

### **10.2.- Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.**

Describen e representan programa dos traballos, mediante esquemas de actuación, do sistema de traballo, no que representan os labores do persoal distribuídas ao longo dunha xornada de traballo, dispoñendo de flexibilidade para atender calquera urxencia e emerxencia que xurda, facendo constar o desenvolvemento do contido do libro de ordes, co de inspeccións diarias e mensuais, debendo constar os traballos realizados diariamente, de acordo co artigo 27 do Prego Técnico.


No plannig anual de desenvolvemento dos traballos so se contempla que se van executar marcas viais nos meses de xuño a agosto, debendo incluír as épocas nas que as condición climatolóxicas permiten facelas.

Ademais indican que nos informes mensuais, farán constar o persoal, a maquinaria, materiais e unidades de obra, previstos para a execución dos traballos.

Como xa indicaron actualizarán o programa INCA, e dispoñerán dun programa de xestión documental, do que non indican se se podan calcular unidades de obra, materiais, stocks de almacén, etc, incumprindo os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

### **10.3.- Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.**

Comprométense a aportar o equipo humano, composto por: un técnico titulado de grado medio, con experiencia en contratos de mantemento de sinalización, con dedicación parcial, e con oficiais e peóns a contratar residentes na zona, con



## CONCELLO DE SANTIAGO

experiencia en sinalización, que teñan permisos de conducir e coñecementos de primeiros auxilios, non figurando o tempo de resposta do persoal de obra, o que incumpre o artigo 12 do Prego Técnico.

Presentan organigrama, do persoal e dos equipos a disposición do contrato.

Poñen ao servizo do contrato unha oficina técnica, con disposición parcial para desenvolver as áreas de calidade, medio ambiente e seguridade e saúde.

Indican a maquinaria da que van dispoñer para o contrato, tanto con dispoñibilidade de 12 horas como permanente, debendo axustarse esta última ao indicado no artigo 13 do Prego Técnico, en canto a súa dispoñibilidade, non facendo mención ao furgón lixeiro para realizar traballos de sinalización, que figura no mesmo artigo.

Indican que os vehículos que realicen traballos en horario nocturno dispoñerán de luz amarela intermitente, debendo dispoñer desta iluminación na realización de todos os traballos, e sendo a súa luminosidade a adecuada para a súa realización.

Non indica as características da maquinaria, máquina autopropulsada pesada, dimensións furgón, fresadora con control infinitesimal, incumprindo o artigo 13 do Prego Técnico.

**10.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Indica que dispoñerá de almacén e oficinas, cunha superficie de 750 m<sup>2</sup>, na travesía das Galanas, nº 20, no **concello de Teo**, non cumprindo o artigo 14 do Prego Técnico. Fan constar unha relación de materias de stock, sinais, sen especificar si serán de aceiro ou de aluminio, non figurando postes de aluminio, nin as unidades dos distintos elementos con que van contar, non cumprindo o artigo 16 do Prego Técnico.

No apartado de calidade dos materiais, someteranos ao plan de calidade de Valoriza, utilizando elementos que dispoñan de selo ou marca de calidade, con distintivo de calidade de homologación CE, sen indicar mais características.


Os materiais que sexan obxecto de execución e subministro neste contrato, cumprirán o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materias retroreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C., de recente publicación.

En canto as comunicacións indican que construírán unha plataforma web de acceso restrinxido para comunicación interna entre o Concello, e os encargados e responsables do servizo dotados dun tablet pc, e os equipos de traballo de teléfono móbil.

Sinalizarán as obras de acordo coa Norma de sinalización de obras 8.3 – I.C., non dando comezo a ningunha obra, caso de estar aberta ao tráfico, sen a correspondente sinalización, manténdoa nas debidas condicións durante a execución das mesmas.

Tamén se deberá sinalizar segundo os casos coa Norma de sinalización móbil de obras.

**10.5.- Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente. tamén o tipo de control.**



## CONCELLO DE SANTIAGO

O sistema de calidade implantado por Valoriza, foi certificado por AENOR, acreditando a súa implantación de acordo coa Norma UNE- EN ISO 9001, facendo constar que presentan fotocopia na que non se pode comprobar a data de validez do mesmo. As operacións realizadas serán controladas polos procedementos de calidade establecidos, realizando o xefe de calidade controis mensuais sobre a maquinaria, procedementos de actuación, acabados dos traballos e tomas de mostras recollidas. Someterán aos preceptivos ensaios os materiais de sinalización horizontal, vertical e outros elementos obxecto do contrato, realizando control de documentación e procesos, criterios de móstreo (aceptación ou rechazo), indicando a frecuencia de realización dos ensaios.

Indican que utilizarán elementos que dispoñan de selo ou marca de calidade CE.

Presentan un plan de ensaios anual para sinalización horizontal e vertical.

Na oferta figuran uns cadros de ensaios que deben reunir a sinalización horizontal e vertical, non figurando os controis a someter doutros elementos que serán subministrados durante a realización dos traballos, nin o control de materiais e controis sobre unidades acabadas, non coinciden ou non figuran algunhas das normas UNE que constan no Prego Técnico, polo que ao observar carencias no control dos materiais e existindo algunhas diferenzas coas normas UNE de aplicación no mesmo, faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e á Normativa en vigor.

**10.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando llado Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

Figura na oferta que realizarán plan de seguridade e saúde de acordo coa normativa vixente na materia, estudando a totalidade de riscos, e sinalando as medidas preventivas necesarias co obxecto de evitar accidentes.

Non fan constar os riscos e medidas preventivas a adoptar, debendo constar na oferta al menos un resumo delas, e non teñen actualizado o servizo médico.

En relación co aquí indicado o Prego Técnico, no seu artigo 17, recolle entre outros os aspectos seguintes:


Presenta copia do rexistro de empresa de PRL, certificado por Cerne auditores.

Indican que formarán e informarán aos traballadores e que adoptarán medidas preventivas para a realización dos traballos, análises das posibles situacións de emerxencia, indicando as instalacións médicas para evacuación de accidentados, que nos está actualizada, non facendo constar se van nomear coordinador de seguridade e saúde e outros aspectos que figuran no Prego Técnico, con respecto a este apartado.

Na xestión de residuos indican que dispoñen de xestor autorizado para residuos non perigosos, indicando que os perigosos os almacenarán de acordo coa normativa, vixente, non concretando como os eliminarán, o que debería figurar na oferta. Tampouco figura que vaian facilitar o certificado de tratamento dos residuos perigosos.

## **11. ELSAMEX S.A.**

**11.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán



## CONCELLO DE SANTIAGO

partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Fan unha relación de traballos a realizar, indicando como unidades de obra as que figuran no presuposto estimado do Prego Técnico. Din que realizarán o mantemento do programa de sinalización e que implantarán un programa de xestión documental baseado en GIS, sobre o que indican que vai realizar distintas funcións nas que non se inclúen entre outras a xestión de almacén, custes de unidades de obra, materiais utilizados na execución dos traballos, existencias en almacén, etc. polo que non cumpre os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

Para a organización do traballo constitúen brigadas, con: un equipo de sinalización, que consta de dous oficiais 1ª e dous peóns encargados principalmente da pintura e da limpeza de sinais, dispoñendo de máquina pintabandas e furgón, outro equipo de intervención, formado por dous oficiais de 2ª, que realizarán os traballos en horario normal e con dispoñibilidade para traballos de instalación dos elementos que se contempla instalar como subministro, e outro equipo de inspección, cun inspector e un vehículo recorrendo as zonas programadas e realizando volcado diario de datos, que se utilizarán para a programación dos traballos

Describen métodos de execución dos traballos, alcanzar velocidade

Sinalizarán e balizarán, en cada caso seguindo as instrucións de acordo coas Normas, e indicando o procedemento de realización.

Indican o proceso de execución de marcas viais, mediante a preparación da superficie, replanteo e premarcaxe, aplicación de pintura e microesferas, indicando que se executará polo método de posmezclado, ao que cabe indicar que será a dirección facultativa, **quen sinalen** o tipo de pintura a utilizar.

Indican uns valores das condición climatolóxicas para a execución dos traballos de pintura, que non se axustan á normativa, debendo cumprir os límites de execución que marca o artigo 700.6.2 do PGT-3.

En relación coa instalación de sinalización vertical e balizamento, indican a técnica e condicións de execución e as separacións laterais e altura que terán que ter os sinais, debendo axustarse estas á nova Norma de sinalización vertical de recente aplicación.

Indican os puntos a comprobar para a súa correcta execución e tamén para a barreira de seguridade.

Indican os procesos de reposición de sinais e barreira de seguridade, sinalando que utilizarán formigón como cimentación destas, cando deben realizarse cos materiais, que indique a normativa a aplicar.


Non indican como van realizar o mantemento da sinalización vertical, tan só indican como van realizar a súa montaxe.

Para o repintado de marcas viais, pasos de peóns (paxina 14 da oferta) poñen como recursos para realízalos, **un oficial e un só peón**, non cumprindo o artigo 12 do Prego Técnico.

Non figura como realizarán o mantemento e reparación de bolardos, redutores de velocidade e outros.

**11.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.

Nos métodos de execución e control clasifica os traballos en previos e de mantemento.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Nos traballos previos contemplan a recollida de datos, por unha soa persoa en colaboración cos técnicos municipais, que son os que indicarán os criterios e priorizarán as intervencións.

Realizarán o recoñecemento inicial cunha persoa, para coñecer o tipo de elementos, a súa cuantía e onde están localizados, para dispoñer dun inventario de elementos, cun inventario de sinalización horizontal, avaliando cada catro meses a cidade e a zona rural cada seis meses.

A sinalización vertical tamén será obxecto de inspección diaria, anotando as anomalías e o seu estado de conservación, volcando diariamente a información na base de datos do contrato e se incorporarán á base de datos do programa INCA.

O resto dos elementos do contrato tamén serán obxecto do procedemento de inspección diario.

Indican que realizarán parte semanal, que recolla o emprazamento e natureza dos traballos realizados e materiais empregados, o que incumpre o artigo 27 do Prego Técnico, que indica que o parte será diario e se entregará ao servizo municipal correspondente. Non figuran os modelos dos partes como se indica tamén no mesmo artigo.

No apartado de comunicación, indican que se comprometen a recibir directamente, **dar resposta directa** e solucionar as queixas e suxestións de cidadáns, comerciantes, etc., solventándoas **sen consulta ao Concello**. Non figura este suposto nos pregos do concurso, polo que as operacións deben estar sometidas ao control dos técnicos municipais responsables do servizo, e cumprir o indicado nos pregos.

Indican na oferta que o persoal que ten que **atender as urxencias, acudirá ás instalacións fixas** para unirse ao equipo e recibir instrucións, polo que non se pode saber se cumpre o artigo 12 do Prego Técnico, que di que terán un tempo de resposta inmediato e, como máximo dunha hora, ao non figurar a ubicación das instalacións.

En relación co programa de xestión documental, xa se comentou este aspecto no apartado anterior, indicando que non cumpre os artigos os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.


Fan constar a planificación das reparacións, indicando que o equipo de sinalización horizontal traballará en xornadas continuadas, os traballos a realizar en xeral serán tajos de pequeno tamaño, debendo programalos para facelos desta maneira.

Para a programación dos traballos de sinalización vertical, fan un exemplo de reposición de catro sinais xuntas, que lles ocupa en continuo o horario de traballo dunha xornada, debendo ter en conta para a programación o xa indicado para os traballos de sinalización horizontal.

Se propón implantar unha aplicación informática específica da empresa ELSAMEX S.A., baseada nun sistema de información xeográfico (GIS), que se poñerá a disposición do Concello de Santiago de Compostela durante o tempo de duración do contrato. Estará integrada no sistema informático do contratista e se proporcionará acceso aos técnicos municipais.

O artigo 1.8) do Prego Técnico, indica que se implantará un programa de xestión documental, que sexa capaz de satisfacer unha serie de funcións que non se contemplan na súa totalidade, indicando ademais que o programa e toda a documentación que se xere, será de propiedade exclusiva do Concello de Santiago de Compostela, o que non cumpre este artigo nin o número 15.

**11.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable,



## CONCELLO DE SANTIAGO

persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

Fan unha relación do persoal co que van contar, figurando un organigrama no que inclúen un asesor en calidade medioambiental e seguridade e saúde e outro en sinalización

Dispoñerán dun xefe de obra, enxeñeiro de camiños, do que non indican a súa dedicación, non figurando que dispoña de experiencia específica en sinalización, e dun enxeñeiro de camiños, como xefe de unidade con dedicación total, dispoñendo de teléfono móbil e vehículo. Destes técnicos fan constar as súas funcións, non contemplando a totalidade das que figuran no artigo 12 do Prego Técnico.

Tamén dispoñerán dun encargado, con dedicación completa e con formación en seguridade e saúde, figurando as súas funcións, e non que dispoña de formación específica en sinalización.

Indican que se contará cun inspector, integrado dentro do equipo de traballo da obra, para a supervisión dos traballos da obra e para colaboración cos técnicos municipais, que terá dedicación completa e realizará inspeccións do viario da cidade.

Contarase ademais cun equipo de retén, por si se producise unha emerxencia que precise dunha intervención inmediata, dispoñible fora do horario laboral, incluído fines de semana e festivos, localizable que estará formado por dous oficiais 2ª, con carné de conducir e cos medios necesarios acudindo á máxima celeridade.

Os equipos de traballo fórmanse por un equipo de marcaxe vial composto por dous oficiais de 1ª de pintura e dous peóns sinalistas; un equipo de intervención con dous oficiais de 2ª e un equipo de inspección cun inspector, presentando organigrama funcional.

Non se indica o **tempo de resposta do persoal**, o que incumpre o artigo 12 do Prego Técnico.


O horario en días laborables, será de 8:00 a 16:00 horas, co retén sempre localizable fora do horario de traballo e os seus integrantes ubicados no termo municipal, localizables con teléfono móbil.

Non indica as características da maquinaria, máquina autopropulsada pesada, de pintura, fresadora con control infinitesimal, non figurando a dispoñibilidade da maquinaria para o contrato, incumpre o artigo 13 do Prego Técnico

**11.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Comprométense a alugar unha nave de 200 + 200 m<sup>2</sup>, sen indicar onde vai estar ubicada, tan só que os locais estarán suficientemente próximos ao posto de traballo, sendo necesario coñecer a súa ubicación, sobre todo cando indican que o persoal que ten que **atender as urxencias, acudirá ás instalacións fixas** para unirse ao equipo e recibir instrucións, polo que non cumpre o artigo 14 do Prego Técnico, que di que terán un tempo de resposta inmediato e, como máximo dunha hora.

En relación coa existencia de materiais, propoñen como criterio o dispoñer en todo momento dunha cantidade equivalente ao 25% de cada un dos elementos contemplados como subministro, tales como sinais, barreiras de seguridade, bolardos, etc.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Para o marcaxe viario horizontal, amplían o stock de pintura ao necesario para dúas semanas de traballo.

En relación coa calidade dos materiais indican que utilizarán pintura tipo 2, cumprindo unha norma UNE, cando deben cumprir as que se indican no Prego Técnico.

En relación coa sinalización vertical, din que cumprirán algunhas normas UNE, e non consta que os parafusos de suxeición dos sinais sexan de aceiro inoxidable.

Non se fai referencia á calidade doutros materiais obxecto deste concurso, tales como barreiras de seguridade, bolardos, etc., tendo en conta as carencias nas características dos materiais e as diferenzas coas normas UNE que figuran no Prego Técnico, é polo que os materiais que sexan obxecto de execución e subministro neste contrato, cumprirán o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materiais retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.

No apartado de comunicación se comprometen a **recibir directamente**, dar resposta directa e solucionar as queixas e suxestións de cidadáns, comerciantes, etc., solventándoas **sen consulta ao Concello**. Non figura este suposto nos pregos do concurso, polo que as operacións deben estar sometidas ao control dos técnicos municipais responsables do servizo, e cumprir o indicado nos pregos, quedando valorado isto no apartado 11.2 deste informe.

Non figura neste apartado a sinalización a utilizar na execución dos traballos, e a súa organización, indicando en outros apartados da oferta que dispoñerán, dun equipo de sinalización, cando teñen que dispoñer dun para cada equipo de traballo.

**11.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.


Propoñen para a toma de mostras un laboratorio externo, para probas de sinalización horizontal (xuntando partidas sen valor económico), indicando na oferta que realizarán os ensaios de acordo coa Norma UNE-EN 1.436, debendo axustarse as normas indicadas no Prego Técnico.

Non figuran o control de calidade e os ensaios a realizar en sinalización vertical, barreiras de seguridade, etc.

Na oferta figuran uns cadros de ensaios que deben reunir a sinalización horizontal, non figurando os controis a someter doutros elementos que serán subministrados durante a realización dos traballos, nin o control de materiais e controis sobre unidades acabadas, non coinciden ou non figuran as normas UNE que constan no Prego Técnico, polo que ao observar carencias no control dos materiais e existindo algunhas diferenzas coas normas UNE de aplicación no mesmo, faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e á Normativa en vigor.

Non se fai mención ao plan de calidade.

**11.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.



## CONCELLO DE SANTIAGO

No apartado de xestión da prevención de riscos laborais, describen un programa de seguridade xenérico e avalía os riscos das actividades principais a desenvolver.

Indican que sinalizarán e balizarán fora da poboación de acordo coa Norma de sinalización de obras 8.3-I-C., debendo facer extensivo o uso desta Norma a o interior da poboación, de acordo coa ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións da vía pública

Non se fai mención á necesidade de solicitar información sobre os posibles servizos existentes nas vías, cando se instale sinalización vertical ou barreiras de seguridade, sendo necesario.

Non se fai referencia a distintos aspectos sobre seguridade e saúde, contemplados no Prego Técnico, relativos a nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, presentación de plan de seguridade e saúde, etc, polo que se incumpre o indicado no artigo 17 e outros do Prego indicado.

En relación co control da xestión de residuos, se creará un punto de recollida de todos os xerados na obra durante a execución dos traballos. almacenando separadamente os diferentes tipos para a súa xestión, xerando residuos perigosos, inertes e asimilables a urbanos.

Elaborarase un plan de xestión de residuos acorde coa normativa aplicable en cada caso. Na oferta debería constar polo menos un avance do contido do mesmo

Non fan mención do certificado de residuos.

### **12. MULTISERVICIOS TRITÓN.**

**12.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluirán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Indican cales serán os métodos e medios a utilizar para a instalación de sinais de código, en poste e en farois mediante flexes metálicos, indicando tamén o procedemento a seguir para instalar barreiras de seguridade.

Non se contempla neste apartado a necesidade de solicitar información dos servizos existentes aos subministradores deles, antes de facer as escavacións necesarias.


Indícase que se van colocar sinais con flexes metálicos en farois. Non estando contemplada esta posibilidade no Prego Técnico, e en caso de que fose preciso facelo, será necesaria a autorización expresa da dirección facultativa.

Tamén indican os procedementos a empregar na aplicación de marcas viales, debendo aplicar en todo caso esferillas, e cando sexa necesario aplicarán a Norma de sinalización móbil de obras.

Presentan distintos esquemas de cómo van organizar as reparacións e ordes de traballo, indicando que o control dos partes de traballo internos e entrega de materiais, se realizara mediante o software que ten desenvolvido Multiservicios Triton, do que non especifica o seu nome.

**12.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.





## CONCELLO DE SANTIAGO

En relación cos métodos de control da execución, utilizarán os partes de traballo, que entregarán a cada equipo para a súa realización, e unha vez executados farán o seu seguimento polo software de control. Indican que redactarán planning semanal según as prioridades da dirección facultativa.

No plan de traballo figura unha distribución dos importes das unidades de obra, similar ao importe estimado que figura no Prego Técnico.

Utilizarán un programa de xestión documental, cun sistema de control de usuarios, no que cada un pode facer chegar mensaxes a cada usuario, dotado dun modelo de catálogo de sinais, para a realización dos traballos, no aclaran como realizarán a xestión de almacén, rendementos das unidades de obra, etc..

Se poden realizar aplicacións de consulta dende unha tablet.

Non se indica nada ao respecto sobre o programa INCA.

Non se indica se o programa e a documentación xerada, será de propiedade exclusiva do Concello, incumprido os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

Tampouco indican se van emitir partes diarios dos traballos realizados, e si os van entregar ao Concello, de acordo co artigo 27 do Prego Técnico.

**12.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

Figura na oferta, que poñerán a disposición do contrato o persoal seguinte:

Persoal Técnico: un enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do proxecto, con dedicación 100 % e residencia permanente en Santiago; un técnico sobreestante, encargado do proxecto, con dedicación 100%, e que realizará alternativamente as tarefas de xefe de equipo; un técnico auxiliar informático, para procesamento de datos, con dedicación 30% ;e un técnico auxiliar administrativo, administrativo e comunicacións, con dedicación 30%.

Persoal de Obra: dous oficiais de 2ª de sinalización, xefe de equipo de sinalización, con dedicación 100%; tres oficiais de 1ª de sinalización, xefe de equipo de sinalización, con dedicación 80 %; seis peóns especializados en sinalización, sinalización vertical e horizontal, con dedicación 80%.

Ademais nos meses de xullo a agosto ou o tempo que sexa necesario, para atender os traballos de sinalización, e con dedicación exclusiva, poñerán a disposición da dirección facultativa os seguintes equipos: tres oficial de 1ª de sinalización, xefe de equipo de sinalización, con dedicación do 100%; e seis peóns especializados de sinalización, peón de sinalización, con dedicación 100%.


Indican as funcións do xefe de proxecto, do encargado e dos auxiliares informáticos e administrativo.

Do encargado do proxecto indican, que ten unha experiencia mínima en sinalización de dez anos.

Presentan organigrama da distribución do persoal, e un currículo dun enxeñeiro de camiños, que non coincide coa persoa que vai desempeñar o posto de xefe do proxecto, que é un enxeñeiro técnico de obras públicas. Tampouco indican claramente, se o xefe de proxecto dispón de experiencia en traballos de sinalización.

Non fan mención ás tarefas a desempeñar polos equipos de traballo, non indicando a categoría e experiencia do persoal de garda, tal e como indica o artigo 12 do Prego

Non indican a qué labores van estar asignados os xefes de equipo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Tampouco figura na oferta o tempo de resposta do persoal, incumprido o artigo 12 do Prego Técnico.

Dispoñerán como persoal de apoio dun arquitecto técnico, un técnico superior informático e un técnico responsable de mantemento das certificacións de calidade e de xestión medioambiental.

Tamén indican que distintas empresas estarán a disposición do proxecto, pero non presentan compromisos de colaboración delas.

En relación coa maquinaria non indican se van dispoñer de furgón lixeiro e non constan as características da fresadora, entre outras, non figurando as que van estar permanentemente ao servizo do contrato, ou a súa dispoñibilidade de acordo co artigo 13, do Prego Técnico:

Como medios auxiliares, terán prensadoras de botes, e cintas.

**12.4.- Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.**

Indican que dispoñerán dunha nave, na Vía Pasteur, no polígono industrial do Tambre, sen constar o número da rúa onde se ubica, indicando o artigo 14 do Prego Técnico, que na oferta se recollerá o asentamento da mesma, que dispoñerán de zonas de oficinas, aparcamentos e almacenamento de stocks, e estarán dotadas de equipamento de oficina, correo electrónico, fax e teléfono móbil.

En relación coa existencia de materiais, nun parágrafo din que dispoñerán de estocaxe de pintura para abastecer os equipos durante 30 días de traballo a pleno rendemento, e noutro que, en cuanto á sinalización horizontal dispoñerán de distintos tipos de pintura, esferas e materiais antiesvarante para al menos unha semana, o que supón unha contradición.

Terán acopios doutros materiais que garantan a continuidade da execución dos traballos, en épocas de máximo consumo, sen indicar nin as cantidades ou unidades que dispoñerán, nin si os parafusos a utilizar serán de aceiro inoxidable.


En relación coas calidades dos materiais utilizados e subministrados, indican que os materiais a empregar por Multiservicios Triton son subministrados por prestixiosos fabricantes a nivel nacional, con certificado CE o en su defecto (pinturas) DITE cun grado de exixencia incluso superior ao certificado CE, presentando certificados de conformidade dos fabricantes, nos que no se poden apreciar as características dos materiais

Estes certificados non sinalan a totalidade das pinturas e materiais a utilizar, que se recollen nos pregos, correspondéndolle á dirección facultativa a selección dos materiais a empregar, e tendo en conta as carencias nas características dos materiais e as diferenzas indicadas, é polo que os materiais que sexan obxecto de execución e subministro neste contrato, cumpriran o Prego Técnico, a Normativa en vigor e dispoñerán de marcado CE. Os materias retrorreflectantes adaptaranse á Norma de Sinalización Vertical 8.1-I.C, de recente publicación.

O sistema de comunicación que utilizarán, será de dous sistemas principais de comunicación.

Sistema ordinario mediante o uso do software desenvolvido especificamente para este servizo. Este sistema de comunicación será instantáneo

Sistema urgente cando o técnico a pé de rúa estea supervisando algún problema coa sinalización prioritaria (stop, ceda o paso,...) necesitará comunicar á empresa a orden



## CONCELLO DE SANTIAGO

de traballo, bastaría cunha chamada telefónica o por sistema de mensaxería instantánea.

En relación coa sinalización dos traballos os realizarán de acordo co manual de exemplos de sinalización de obras fixas, instrución 8.3 sinalización, balizamento, obras fora de poboado, e sinalización móbil de obras do Ministerio de Fomento, debendo facer extensivo o uso destas Normas a o interior da poboación, de acordo coa ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións da vía pública, non indicando como organizan a instalación de sinalización para a execución das obras.

**12.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

Poñerán en marcha un plan para asegurar a calidade, diferenciado en dúas seccións sinalización horizontal e sinalización vertical, figurando algunhas das normas UNE que están no Prego Técnico, con valores diferentes e outras que non figuran no mesmo.

Indican o procedemento a seguir, comprometéndose a realizar os ensaios, e dispoñendo de equipos para realizalos.

Na tabla de inspeccións de sinalización vertical, falan de dar conformidade a sinais con altura de 0.80 e 2.10 metros, debendo estar situados a unha altura mínima de 2.20 m, si están en zonas de paso de peóns, de acordo co Prego Técnico.


Na oferta figuran uns cadros de ensaios que deben reunir a sinalización horizontal e vertical, non figurando os controis a someter a outros elementos que serán subministrados durante a realización dos traballos, e o control de materiais e controis sobre unidades acabadas, non coinciden ou non figuran as normas UNE que constan no Prego Técnico, polo que ao observar carencias no control dos materiais e existindo algunhas diferenzas coas normas UNE de aplicación no mesmo, faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e á Normativa en vigor.

**12.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

En relación coa xestión da prevención de riscos laborais, fan unha avaliación xenérica dos riscos en función do tipo de traballo, asignando medidas preventivas EPIS, debendo dispoñer os vehículos e maquinaria de xiro faros, con luz destellante de sinalización.

Non se fai mención á necesidade de solicitar información sobre os posibles servizos existentes nas vías, cando se instale sinalización vertical ou barreiras de seguridade, sendo necesario.

Non se fai referencia a distintos aspectos sobre seguridade e saúde, contemplados no Prego Técnico, como o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, presentación de plan de seguridade e saúde, etc, polo que se incumpre o indicado no artigo 17 e outros do Prego.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Fan constar, neste apartado, que o **presuposto de adxudicación das obras** ascende á cantidade de 2.500.855,98 euros, sendo o prazo de execución de catro anos.

No apartado de tratamento de residuos, indican que procederán á xestión deles a través de xestores autorizados, almacenando os non perigosos nas instalacións.

Indican que a empresa está inscrita no rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos, cumprindo a lexislación aplicable, e almacenándoos por separado dos non perigosos, por un máximo de seis meses. A cinta utilizada nos labores de marcado e os botes de pintura, prensase para que ocupen menos espazo.

Non fan mención do certificado de residuos.

### 13. SEÑALIZACIÓN Y CONSERVACIÓN CASTILLA S.L.

**13.1.-** Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego.

Na introdución da memoria fan constar, que antes do comezo dos traballos, comunicarán á dirección facultativa, o nome e dirección das empresas fabricantes de pinturas e de sinalización vertical, así como a marca ou referencia de ditas empresas, comunicando por escrito as características mais relevantes dos materiais, cando estas teñen que figurar na oferta, de acordo cos Pregos do concurso.

Describen como van levar a cabo as operacións de sinalización horizontal, realizando a preparación da superficie, premarcaxe e pintado de marcas viales,, borrado, factores ambientais de tráfico, uso das vías públicas, mobilidade, indicando que antes do inicio dos traballos se sinalizará de acordo coa normativa.

Faise constar que, en relación cos factores ambientais tan só fan a limitación da temperatura a cinco grados, debendo realizarse as operacións de pintura de acordo cos límites que di o artigo 700.6.2, do PG-3.

En relación coa sinalización vertical indican o procedemento da instalación dos sinais, facendo constar que como características do aceiro que utilizarán será de tipo A28, o que incumpre o artigo 10.7.21, do Prego Técnico.


Non consta como van facer os traballos de mantemento e instalación de biondas, reducidos de velocidade, bolardos, asesoramento nas revisións, etc.

Realizarán inspeccións para analizar a cidade para comprobar as posibles situacións deficitarias ou contraditorias da sinalización, e percorreren as vías públicas para detectar as posibles necesidades ou melloras, non indicando os prazos no que as realizarán incumprindo por tanto o artigo 4.c) do Prego Técnico.

Indican que con carácter xeral e cunha determinada frecuencia, comprobarán unha serie de parámetros da sinalización horizontal e vertical, sinalización informativa, bolardos, defensas, etc.

Presentan uns esquemas de cómo van levar a cabo as distintas operacións, figurando no de barreira de seguridade, que unha das formas de colocalas e mediante formigón nos soportes, debendo adaptarse a forma de instalación deste elemento á normativa de aplicación.

En relación coas ordes e partes de traballo estes constarán de diferentes datos, non figurando os que recolle o artigo 27 do Prego Técnico, nin sinalan a periodicidade de redacción e entrega ao servizo municipal, polo que incumpre o Prego.



## CONCELLO DE SANTIAGO

**13.2.-** Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara á execución dos traballos.

Non presentan planning ou programa de traballo, presentando uns esquemas de funcionamento do servizo e coordinación de actividades empresariais..

Da actualización gráfica din pouco e non fan ningunha referencia ao programa de xestión documental, o que incumpre os artigos 1.8) e 15 do Prego Técnico.

**13.3.-** Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.

En canto a organización dos traballos, relacionan o persoal seguinte: responsable do servizo e xefe de obra- ITOP; Auxiliar técnico, encargado xeral; administrativo-operador informático e un técnico en delineación, non constando todas as funcións que figuran no artigo 12 do Prego Técnico.

Indican o persoal de organización e coordinación dos traballos, designado como responsable do servizo a un enxeñeiro técnico de obras públicas, con dedicación exclusiva e residente en Santiago; un encargado xeral con dedicación exclusiva e residente en Santiago; un técnico en delineación con dedicación parcial ao contrato e un auxiliar administrativo, con dedicación exclusiva e residente en Santiago.

Figuran as funcións do xefe de obra, auxiliar técnico, administrativo e do técnico de delineación, non contemplando algunhas, que figuran no artigo 12 do Prego técnico, polo que o incumpren.

Como persoal de produción van dispoñer, de forma exclusiva e permanente dun equipo de sinalización horizontal e outro de sinalización horizontal, vertical e balizamento composto cada un, por: un oficial de 1ª, un oficial de 2ª condutor e tres peóns especializados.

A maiores adxunta plantilla para campaña de pintado e reposición de sinalización ao largo do contrato.

Todo o persoal estará coordinado polo xefe de obra e se poderán reorganizar os equipos para atender as urxencias que xurdan nas 24 horas do día, 365 días ao ano.


Todo o persoal terá unha experiencia mínima de oito anos, non precisando en que.

Non figura o tempo de resposta do persoal, polo que incumpren o artigo 12 do Prego Técnico.

Indican a maquinaria e equipos que dispoñerán para o contrato, non figurando máquina pesada de pintura en quente, fresadora con regulación infinitesimal e furgón de tamaño adecuado ás necesidades de sinalización vertical, polo que incumpre o artigo 13 do Prego Técnico.

Indican no apartado de materiais de uso compartido de acordo ás necesidades, os equipos de sinalización de obras e delimitación de reservas de aparcamento, que deben dispoñer permanentemente deles, e terán a retroreflexividade que indique a normativa.

Todos os equipos e maquinaria dispoñerán de xiro faros de sinalización luminosa.



## CONCELLO DE SANTIAGO

**13.4.-** Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.

En relación co almacén e oficina, indican que estarán no casco urbano da cidade, ocupará 600 m<sup>2</sup> cubertos e 1.000 m<sup>2</sup> ao aire libre, con punto limpo, vestiarios, oficinas, etc., non indicando a súa ubicación polo que incumpren o artigo 14 do Prego Técnico.

En relación co stock de materiais indican na oferta que dispoñerán de todos os tipos de pintura, microesferas, sinalización, balizamento e materias auxiliares para atender tanto as actuacións ordinarias como as urxentes, non cuantificando as cantidades, polo que non cumpren o artigo 16 do Prego Técnico.

Non indican nada sobre calidades dos materiais e comunicación.

Non figura, neste apartado a disposición de sinalización dos traballos a executar e a súa organización, figurando de forma escueta noutros apartados da oferta.

**13.5.-** Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente.

En relación co programa de toma de mostras de materiais a empregar, levarán a cabo un plan interno de control de calidade de cada unha das unidades de obra a executar. Todos os produtos utilizados terán o correspondente certificado de homologación dos subministradores e dispoñerán do marcado CE, realizando de cada lote de pintura e microesferas, algúns ensaios. Tamén os farán para sinalización vertical e os demais elementos a subministrar.

O indicado neste apartado é moi escueto e xenérico, polo que faise constar que os materiais que sexan obxecto de subministro e as unidades de obra que se executen neste contrato, deben someterse aos controis que indica o Prego Técnico, e á Normativa en vigor.

Figura un organigrama do control de calidade interno, debendo constar nesta oferta, como mínimo, un resumo do contido do plan de calidade, que non consta.


**13.6.-** Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos.

En relación coa xestión da prevención de riscos laborais, indican que antes do comezo dos traballos, redactarán plan de seguridade e saúde, analizando todas os riscos e as medidas a adoptar para a súa correcta execución das unidades de obra e que se someterán á aprobación da dirección de obra.

Non se fai referencia a distintos aspectos sobre seguridade e saúde, contemplados no Prego Técnico, como por exemplo o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, polo que se incumpre o indicado no artigo 17 e outros do Prego.

Indican que o persoal posúe formación en prevención, presentando organigrama preventivo, no que figura un servizo de prevención externo.

Fan constar neste apartado os aspectos relativos á coordinación de actividades, entre os distintos traballos que se realicen de forma simultánea, tanto para evitar molestias



## CONCELLO DE SANTIAGO

aos usuarios da vía como para minimizar os riscos aos traballadores, enfocado a empresas subcontratadas, facendo mención aos traballos a realizar na traza da estrada, para que non haxa concorrencia. Tamén fan mención a traballos a realizar coas instalacións ferroviarias.

Clasifican os residuos, indicando que os que xeren na obra serán trasladados ao punto limpo que a empresa disporá nas instalacións de Santiago, para recibir o seu correspondente tratamento e xestionalo por un xestor autorizado, e toda vez que o residuo sexa retirado por este, emitirá un documento do control dos residuos perigosos, indicando trala súa xestión a cantidade de residuo eliminado.

Os residuos asimilables a urbanos, se reciclarán ou se entregarán nos puntos limpos correspondentes.

### **PUNTUACIÓNS OBTIDA POLAS OFERTAS.-**

As ofertas aceptadas para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de Conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago de Compostela, sobre 2 non avaliable con cifras ou porcentaxes, obteñen os puntos nos distintos apartados, que figuran n **TÁBULA 1**, que se adxunta a este informe.

### **RESUMO DAS PUNTUACIÓNS.-**


O resumo dos puntos obtidos polas empresas, se xunta a este informe na **TÁBULA 2**.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2014.

O Xefe da Sección de Circulación.

Edmundo López Seijo.

**MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO, PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO.**




**CONCELLO DE SANTIAGO**

**TÁBULA 1**

Concepto	PREGO CONDICIÓN	Alvac S.A.	Diez y Cia S.A.	Proseñal S.L.	U.T.E. Teva Señal- Balizamientos Galicia	API Movilidad S.A.	Innovia Coptalia S.A.U.	Salmantina Seguridad Vial S.A.	Urbaser S.A.- Licuas S.A.	Viabal S.A.	Valoriza S.A.	Elsamex S.A.	Multiservicios Tritón	Señ. Y Conserv. Castilla S.L.	
<b>1 Valoración técnica.</b>															
1.1	Memoria detallada e xustificada da organización do servizo, dos métodos de execución, organización, inspeccións, reparacións e ordes de traballo que incluírán partes de execución e control das reparacións da sinalización e subministro de elementos detallados no Prego	12	3,5	2	6,5	7	4,5	2,5	2	7	2	7	4	3,5	2
1.2	Medios e métodos de control da execución. Plan e/ou programa de traballo de cara a execución dos traballos	8	3,5	0	4	4,5	4	1	2	3,5	0	1	2,5	2,5	1
1.3	Medios humanos, maquinaria e medios auxiliares e demais instalacións adscritas ó contrato. Cualificación e experiencia do persoal: Técnico responsable, persoal permanente e persoal de campaña. Organigrama de funcionamento do servizo.	10	4,5	2,5	3,5	2	4,5	0,5	3	4	0,5	4	4	5	4
1.4	Almacén oficina. Existencias de materiais. Calidades dos materiais utilizados e subministrados. Comunicación. Sinalización a utilizar na execución dos traballos. Organización.	3	1	1	1,5	1	1,5	1	1	1,5	0,5	1	1	2	1
1.5	Programa de toma de mostras de materiais a empregar, definindo o Plan de Calidade do proxecto onde se teña en conta a xestión de recursos, as actividades e os controis que garanten o cumprimento durante o desenvolvemento dos traballos, os requisitos deste prego de condicións. Probas e ensaios técnicos a realizar e a súa periodicidade, e contraste dos resultados de acordo coa normativa vixente	4	2	2	1,5	2	2	1	0,5	1,5	0	1	0,5	2	1,5
1.6	Xestión da Prevención de Riscos Laborais, valorando o Proxecto de Seguridade e Saúde que describa detalladamente o Sistema de prevención de Riscos Laborais que se implantará no contrato. Tratamento de residuos	3	2	2	2	0,5	2,5	1	0,5	2,5	0	0,5	1	1,5	2,5
	<b>Suma</b>	<b>40</b>	<b>16,5</b>	<b>9,5</b>	<b>19</b>	<b>17</b>	<b>19</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>20</b>	<b>3</b>	<b>17,5</b>	<b>13</b>	<b>16,5</b>	<b>12</b>





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**TABULA 2**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS.</b>
Alvac S.A.	16,50
Diez y Cía S.A.	9,50
Proseñal S.L.	19,00
U.T.E. Teva Señal- Balizamientos Galicia	17,00
API Movilidad S.A.	19,00
Innovia Coptalia S.A.U.	7,00
Salmantina Seguridad Vial S.A.	9,00
Urbaser S.A.- Licuas S.A.	20,00
Viabal S.A.	3,00
Valoriza S.A.	17,50
Elsamex S.A.	13,00
Multiservicios Tritón	16,50
Señ. Y Conserv. Castilla S.L.	12,00



**INFORME TÉCNICO SOBRE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO. SOBRE- 3, AVALIABLE CON CIFRAS OU PORCENTAXES. Expediente: CON /18/ 2014.**

**OFERTAS A VALORAR.-**

Na Mesa de Contratación de data 06-10-14, procédese á apertura do sobre 3 das ofertas Servizo de Conservación e Mantemento das reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, admitíndose as das empresas: Alvac S.A., Diez y Cía S.A., Proseñal S.L., API Movilidad S.A., Salmantina Seguridad Vial S.A., U.T.E. Urbaser S.A.- Licuas S.A., Viabal S.A., Valoriza S.A., Elsamex S.A., Multiservicios Tritón e Señalización y Conservación Castilla S.L.

**VALORACIÓN ECONÓMICA DAS OFERTAS, SOBRE 3.-**

No artigo 10, procedemento de adxudicación, do Prego Administrativo do concurso, se recolle nos seus apartados 10.2 e 10.3, o seguinte


10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- Criterios de adxudicación avaliados en forma de cifras ou porcentaxes, recollidos na oferta económica e a realización dunhas melloras gratuítas, sendo a valoración das empresas.

A oferta económica valórase de acordo cos criterios e ca fórmula, que figuran no Prego Administrativo, ata un máximo de 40 puntos, obtendo as empresas o resultado seguinte:

**1. Baixa ofertada e puntuación valoración económica.**

<b>Empresa</b>	<b>% Baixa</b>	<b>Puntos</b>
<b>Alvac S.A.</b>	<b>29,40</b>	<b>21,23</b>
<b>Diez y Cía S.A.</b>	<b>27,90</b>	<b>20,11</b>
<b>Proseñal S.L.</b>	<b>25,50</b>	<b>18,35</b>




**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

<b>API Movilidad S.A.</b>	<b>28,00</b>	<b>20,18</b>
<b>Salmantina Seguridad Vial S.A.</b>	<b>0,50</b>	<b>0,00</b>
<b>Urbaser S.A.- Licuas S.A.</b>	<b>24,01</b>	<b>17,26</b>
<b>Viabal S.A.</b>	<b>55,00</b>	<b>40,00</b>
<b>Valoriza S.A.</b>	<b>19,86</b>	<b>14,21</b>
<b>Elsamex S.A.</b>	<b>23,42</b>	<b>16,82</b>
<b>Multiservicios Tritón</b>	<b>18,00</b>	<b>12,84</b>
<b>Señ. Y Conserv. Castilla S.L.</b>	<b>18,53</b>	<b>13,23</b>

As melloras valóranse de acordo cos criterios do Prego Administrativo, ata un máximo de 15 puntos.

**2.- Puntuación das melloras.**

<b>Empresa</b>	<b>M-1</b>	<b>M-2</b>	<b>M-3</b>	<b>M-4</b>	<b>Melloras</b>
<b>Alvac S.A.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>Diez y Cía S.A.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>Proseñal S.L.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>API Movilidad S.A.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>Salmantina Seguridad Vial S.A.</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Urbaser S.A.- Licuas S.A.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>Viabal S.A.</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Valoriza S.A.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

<b>Elsamex S.A.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>Multiservicios Tritón</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>
<b>Señ. Y Conserv. Castilla S.L.</b>	<b>2,50</b>	<b>6,00</b>	<b>4,00</b>	<b>2,50</b>	<b>15,00</b>

O resumo das puntuacións obtidas, polas ofertas na valoración económica, Sobre 3 e á seguinte:

**3.- Cadro resumo da puntuación das ofertas económica Sobre 3.**

<b>Empresa</b>	<b>O. Económica.</b>	<b>Melloras</b>	<b>Suma</b>
<b>Alvac S.A.</b>	<b>21,23</b>	<b>15,00</b>	<b>36,23</b>
<b>Diez y Cía S.A.</b>	<b>20,11</b>	<b>15,00</b>	<b>35,11</b>
<b>Proseñal S.L.</b>	<b>18,35</b>	<b>15,00</b>	<b>33,35</b>
<b>API Movilidad S.A.</b>	<b>20,18</b>	<b>15,00</b>	<b>35,18</b>
<b>Salmantina Seguridad Vial S.A.</b>	<b>0,00</b>	<b>00,00</b>	<b>00,00</b>
<b>Urbaser S.A.- Licuas S.A.</b>	<b>17,26</b>	<b>15,00</b>	<b>32,26</b>
<b>Viabal S.A.</b>	<b>40,00</b>	<b>00,00</b>	<b>40,00</b>
<b>Valoriza S.A.</b>	<b>14,21</b>	<b>15,00</b>	<b>29,21</b>
<b>Elsamex S.A.</b>	<b>16,82</b>	<b>15,00</b>	<b>31,82</b>
<b>Multiservicios Tritón</b>	<b>12,84</b>	<b>15,00</b>	<b>27,84</b>
<b>Señ. Y Conserv. Castilla S.L.</b>	<b>13,23</b>	<b>15,00</b>	<b>28,23</b>

**RESUMO DAS VALORACIÓNS OBTIDAS POLAS OFERTAS, NO SOBRE 2.-**

As puntuacións obtidas polas ofertas, na valoración do sobre 2, son as seguintes.

**4.- Cadro resumo puntuacións Sobre 2.**


<b>Empresa</b>	<b>Puntos</b>
Alvac S.A.	16,50
Diez y Cía S.A.	9,50
Proseñal S.L.	19,00
API Movilidad S.A.	19,00
Salmantina Seguridad Vial S.A.	9,00
Urbaser S.A.- Licuas S.A.	20,00
Viabal S.A.	3,00
Valoriza S.A.	17,50
Elsamex S.A.	13,00
Multiservicios Tritón	16,50
Señ. Y Conserv. Castilla S.L.	12,00

**RESUMO DAS VALORACIÓN S OBTIDAS POLAS OFERTAS.-**

As ofertas obteñen nas valoracións dos sobres 2 e 3, as puntuacións que se recollen no cadro resumo, seguinte:

**5.- Resumo puntuacións obtidas polas ofertas**

<b>Empresa</b>	<b>Puntos</b>
Alvac S.A.	52,73
Diez y Cía S.A.	44,61



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**


<b>Proseñal S.L.</b>	<b>52,35</b>
<b>API Movilidad S.A.</b>	<b>54,18</b>
<b>Salmantina Seguridad Vial S.A.</b>	<b>9,00</b>
<b>Urbaser S.A.- Licuas S.A.</b>	<b>52,26</b>
<b>Viabal S.A.</b>	<b>43,00</b>
<b>Valoriza S.A.</b>	<b>46,71</b>
<b>Elsamex S.A.</b>	<b>44,82</b>
<b>Multiservicios Tritón</b>	<b>44,34</b>
<b>Señ. Y Conserv. Castilla S.L.</b>	<b>40,23</b>

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2014.

O Xefe da Sección de Circulación.

Edmundo López Seijo.

**MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO, PARA A  
CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSERVACIÓN, MANTEMENTO,  
REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E  
VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E  
BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO.**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**INFORME TÉCNICO COMPLEMENTARIO SOBRE O EMITIDO O DÍA 10-09-14, EN RELACIÓN COA VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO. SOBRE- 2, NON AVALIABLE CON CIFRAS OU PORCENTAXES. Expediente: CON /18/ 2014.**

Con data 18-09-14, celébrase a mesa de contratación para estudar o informe emitido polo que subscribe o día 10-09-14, sobre as ofertas presentadas ao concurso para a adxudicación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago. Sobre- 2, non avaliable con cifras ou porcentaxes, na que se acepta pola mesa de contratación o contido do informe emitido.

No transcurso da mesa, o Asesor Xurídico e o Interventor, indican que hai que redactar un informe complementario ao de data de 10-09-14, en relación coas deficiencias que presentan as ofertas, que puideran considerarse incumprimento do Prego Técnico, especialmente no apartado de persoal, polo que de acordo co criterio fixado pola mesa a este respecto, entendo que procede que a mesa propoña para a súa exclusión, ás empresas seguintes:


**A oferta nº4**, presentada pola **U.T.E. TEVA SEÑAL- BALIZAMIENTOS GALICIA**, segundo consta no apartado 4.1 da oferta e figura no apartado 4.3, do informe: propoñen como persoal de xestión a disposición do contrato un delegado do contrato-coordinador- enxeñeiro de camiños, un responsable de seguridade e saúde- técnico superior prevención e riscos laborais, un responsable de control de calidade en fábrica- licenciatura química, un responsable de control de calidade de instalacións- FP II. **Non figura que se vaia a dispoñer de técnico responsable do servizo**, que realice labores de campo, nin tampouco figura a súa experiencia, dedicación e dispoñibilidade o que incumpre o artigo 12, do Prego Técnico, no apartado de persoal, no referente ao técnico titulado de grado medio, di:

O adxudicatario estará obrigado a dispor para este contrato, como mínimo dos seguintes medios humanos:

- Un técnico titulado de grado medio especializado neste tipo de traballos, responsable das actuacións dos equipos en vía pública, da adecuada execución dos traballos a realizar e dos distintos medios e instalacións obxecto do contrato.

**A oferta nº6**, presentada por **INNOVIA COPTALIA S.A.U.**, no apartado medios humanos e materiais, relación de persoal, indica que dispoñerán dun responsable de conservación e mantemento, con titulación de enxeñeiro de camiños e dun encargado xeral de obras, con titulación de F.P.I, e o como persoal de cuadrilla, un oficial de 1ª e dous peóns especializados, coa d de data 10-09-14.

O artigo 12 do Prego Técnico, indica entre outros aspectos, que ademais do técnico titulado de grado medio, se dispoñerá de dous oficias de segunda con experiencia demostrable, e dun equipo de sinalización horizontal a disposición do servizo, que



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

estará formado cando realicen traballos en calzada, por un número mínimo de tres persoas, **polo que non dispoñen do persoal mínimo que indica ese artigo.**

O que se informa dende o punto de vista técnico, sobre as ofertas presentadas a este concurso sobre as deficiencias mais destacables no apartado de persoal, debendo pronunciarse a mesa de contratación sobre se procede ou non a exclusión das mesmas.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014.

O Xefe da Sección de Circulación

Edmundo López Seijo



**MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO, PARA A  
CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSERVACIÓN, MANTEMENTO,  
REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E  
VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E  
BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO.**